



# Programación do departamento de música

Curso 2021-22



# ÍNDICE

|   |           |
|---|-----------|
| • Introducción e contextualización  | Páxina 3  |
| • Competencias clave na materia de música   | Páxina 5  |
| • Concreción dos obxectivos da materia de música en cada curso  | Páxina 10 |
| • Contidos da materia de música   | Páxina 13 |
| • Táboas cos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe da materia de música 2º,3º e 4º de ESO e temporalización.                     | Páxina 16 |
| • Concrecións metodolóxicas   | Páxina 25 |
| • Materiais e recursos didácticos utilizados  | Páxina 27 |
| • Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumando, procedementos e instrumentos de avaliación                               | Páxina 28 |
| • Proposta para unha posible avaliación non presencial  | Páxina 35 |
| • Grao mínimo de consecución para superar a materia.  | Páxina 36 |
| • Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente  | Páxina 40 |
| • Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.   | Páxina 44 |
| • Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados                | Páxina 46 |
| • Medidas de atención á diversidade   | Páxina 48 |
| • Concreción dos elementos transversais a traballar   | Páxina 50 |
| • Actividades complementarias e extraescolares  | Páxina 51 |
| • Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. | Páxina 52 |

# INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

No presente curso, 2021-22, a programación do departamento de música terá en conta de maneira fiel as instrucións do **protocolo de adaptación ao contexto COVID-19 do 1 de setembro de 2021 para centros de ensino non universitario** aportadas pola Consellería de Educación. Estas normas e medidas específicas, ao igual que ocorreu o pasado curso, afectarán directamente á metodoloxía utilizada na aula de música e nos obrigará a realizar certas modificacións con respecto a cursos pasados, previos aos da pandemia. Mantemos ademáis a **proposta de traballo non presencial** no caso de que esta situación fora precisa novamente. Non esquecemos incluír ademáis unha **proposta de avaliación** para este tipo de traballo telemático.

Non deixamos de lado, sen embargo, o noso documento de referencia, Lei orgánica 8/2013 do 8 de decembro e segundo o decreto 2015 do 25 de xuño. Segundo esta lei, que modifica a Lei orgánica do 2/2006 do 3 de maio, “ o currículo estará integrado polos obxectivos de cada ensinanza e de etapa educativa, as competencias, ou capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos; os contidos, os conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias; a metodoloxía didáctica, que abrangue tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos/das docentes; os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis; e os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa.

... este decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias... unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros componentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

... a aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral...

Para lograr este proceso curricular compre favorecer unha visión interdisciplinar e, de xeito especial, posibilitarlle unha maior autonomía á función docente... o papel do persoal docente é fundamental, pois debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción.

As actividades de aprendizaxe integradas poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán

formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinar. “

O departamento de música conta coa vontade das dúas profesoras actuais para levar a cabo seccións bilingües inglés-galego en 2º e 3º de ESO. Isto permite ao noso alumnado a aprendizaxe activa da lingua estranxeira. Con este propósito e coa fin de dar resposta aos obxectivos sustentabeis establecidos pola Axenda 2030, comezamos este curso un programa de intercambio que esperamos vaia crescendo pouco a pouco e facendo máis internacional o noso centro e tamén ao noso alumnado. Isto supón un desenvolvemento máis real da lingua estranxeira a nivel oral, pero tamén un reforzo das novas tecnoloxías, polo que supón a comunicación vía plataformas e videoconferencias e a realización de proxectos colaborativos a través da rede.

Debemos engadir que aínda que a programación da asignatura non cambia nos grupos bilingües e non bilingües, sí facemos algunhas aclaracións do que supón para o alumnado cursar a materia en inglés, en especial no que corresponde á metodoloxía. Todas as aclaracións fanse de maneira verbal no curso previo e están subidas á páxina web do centro para que o alumnado as coñeza.

#### **ACLARACIÓNS CON RESPECTO Á SITUACIÓN ACTUAL de PRESENCIA DO COVID-19**

**O Departamento de música do IES de Viós que habitualmente céntrase en traballar seguindo as pautas establecidas no currículo, fomentando o traballo en equipo e realizando proxectos que na súa maior parte son de carácter interdisciplinar, na situación actual, e para poder cumprir co protocolo COVID-19, considera unha labor moi costosa continuar con esta liña de traballo cooperativo e grupal. Poder realizar a clase de música da maneira en que habitualmente o fai, co uso dos instrumentos, en especial das frautas, o uso da voz para cantar, os traballos en equipo, as danzas, etc. resulta por completo imposible. Trataremos de adaptarnos por tanto a un tipo de traballo individual no que o alumnado non teña que agruparse poñendo en risco a súa saúde.**

**As profesoras que imparten clase no departamento de música traballarán nos próximos meses adaptándose á nova situación, tratando de impulsar os proxectos que se vaian concretando no día a día, dende a biblioteca, dende o EDLG, ou na medida en que a situación o permita, do resto dos departamentos. Explicaremos tamén como desenvolvemos o traballo competencial na aula de música, pero, excepcionalmente este curso, tratando de desenrolar únicamente aquelas actividades que a situación de pandemia nolo permita, coa fin de asegurar a saúde do grupo de alumnos e alumnas.**

# COMPETENCIAS CLAVE NA MATERIA DE MÚSICA

“As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.”

As actividades de aprendizaxe intgradadas poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, estas actividades poderán ter carácter interdisciplinar.”

## 1. Competencia en comunicación lingüística.

Entendemos que a MÚSICA é unha linguaxe ou sistema de comunicación, e para utilizar este código interveñen os mesmos elementos que nunha comunicación lingüística, coa diferenza de que neste caso a comunicación pode darse sen utilizar a palabra, cousa que permite integrar a tódolos alumnos no sistema comunicativo, **tamén a aqueles que non se comunican verbalmente.**

Na práctica musical a través, por exemplo, **dunha improvisación instrumental**, interveñen entre outros os seguintes elementos: **emisor, receptor, código, mensaxe**, etc. dentro dunhas estruturas paralelas ás da linguaxe oral: pregunta-resposta, falar-escoitar-responder-escoitar. Estas estruturas que se traballan na aula de música, permiten aplicar as destrezas básicas de escoitar, comprender, e apreciar as manifestacións dos outros.

Ademais na aula de música traballamos a expresión oral exixindo ao alumnado unha expresión correcta das ideas, utilizando ademais o vocabulario específico da materia. A comprensión lectora, por outra banda, tamén se traballa na aula, e incluso a creación de textos poéticos adaptados a melodías propostas ou inventadas.

**Na produción radiofónica** que os alumnos de 3º e 4º de ESO realizan na clase de música desenvolvemos a competencia en comunicación lingüística (galego, inglés no caso das seccións bilingües ) a través da expresión escrita e oral.

Na materia de Música optativa en 4º de ESO o alumnado desenvolve a competencia en comunicación lingüística a través da expresión escrita e oral coa elaboración de comentarios de audición e proxectos en pequeno grupo que **deberán expoñer verbalmente.**

En 2º, 3º e 4º da ESO utilizan os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

No caso das seccións bilingües ofrécese ademais a posibilidade de practicar a lingua estranxeira como lingua vehicular, neste caso o inglés, utilizando a expresión oral e escrita.

## 2. **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

No currículo de MÚSICA en 2º, 3º e 4º de ESO o alumnado desenvolve esta competencia a través do uso da métrica musical, a proporcionalidade nos instrumentos, as escalas, as series armónicas, ou a construción dun instrumento. Son todos diferentes aspectos que mostran as estreitas relacións que existen entre a música e as matemáticas, a física e a tecnoloxía.

## 3. **Competencia dixital**

A través da materia de MÚSICA e sempre que sexa posible o uso das aulas de informática en aqueles cursos nos que non está implantado o programa abalar, o alumnado traballa con programas informáticos e aplicacións para levar a cabo os seus proxectos e desenvolver así a competencia dixital. Algúns destes programas e aplicacións son: **ppt, Prezi, Audacity, Spreaker, Smule autorap, Bubble.us, Readwritethink/timeline, Ttimetoast, Muscore, Soundation Studio, Socrative, libros LIM, genially, powtoon...**

**Resultan de especial utilidade este tipo de recursos para o traballo telemático da materia co alumnado.**

## 4. **Aprender a aprender.**

En diferentes momentos do curso pedimos ao alumnado que fagan **autoavaliación do traballo desenvolvido**, tamén pedimos que realicen **avaliación do traballo da profesora** e no traballo cooperativo pedímoslles que **avalíen o traballo de grupo** e de cada un dos compoñentes do grupo adquirindo roles que van rotando nos diferentes momentos do traballo en equipo. Todas estas propostas fan ao alumnado reflexionar sobre a propia aprendizaxe e sobre o feito mesmo de aprender. Nos proxectos internacionais pedimos ao alumando a realización dun portfolio dixital no que deben anotar as súas evidencias de aprendizaxe.

**O uso das novas tecnoloxías implica tamén o desenvolvemento da competencia aprender a aprender**, xa que permite un traballo autónomo e de investigación que cada alumno debe descubrir coa axuda do profesor ou, ás veces, dos seus compañeiros.

A **escoita activa da música** e o **exercicio de análise** de cancións en sí mesmo fomentan o pensamento crítico no alumnado que lle permite facer unha valoración obxectiva e descubrir por sí mesmo cal é realmente o seu gusto musical ou en outro ámbitos, abrindo así novas portas de aprendizaxe.

## 5. Competencias sociais e cívicas.

Prácticamente todas as actividades que se realizan na aula de música son de carácter social, facer música ou escoitala son actividades para facer en gran grupo e están enfocadas ao **traballo entre todos**: brainstorm, interpretación, audición, comentarios, creación de cancións, presentacións...

Os proxectos internacionais iniciados este curso permitirán unha relación extra entre iguais que implementará as súas competencias neste senso. Trataremos de superar os estereotipos sociais e culturais a través de actividades que se relacionen con músicas de diferentes culturas. Estas actividades tratarán de incluír danzas do mundo, e análise de similitudes e diferenzas entre todas esas músicas.

Dende a materia de música desenvolvemos tamén a toma de conciencia dos alumnos da contaminación acústica e o uso indiscriminado da música. Traballando a técnica vocal podemos crear hábitos de hixiene física en relación coa respiración e a correcta utilización do apartado vocal

**Unha ferramenta** de axuda para traballar nesta competencia **é a radio**, xa que con ela tratamos de estar ó día dos eventos musicais que ocorren na vila ou na cidade máis próxima, así como tamén das críticas deses concertos, ou de outras actividades relacionadas co tema musical. Trataremos de fomentar un proxecto como a radio que ten un marcado carácter interdisciplinar.

## 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Na materia de MÚSICA propoñemos ao alumnado traballos nos que se permita tomar decisións con criterios propios e levar a cabo proxectos tanto individuais como colectivos, que impliquen a búsqueda de solucións de problemas, aprendendo dos erros propios, para conseguir o resultado desexado. Unha das decisións que teñen que tomar ao cursar a materia de música é se o prefiren facer na lingua propia ou nunha lingua estranxeira. A súa decisión é moi importante tanto nun caso como noutro, xa que están a valorar as súas propias capacidades e necesidades.

Tamén lles pedimos a súa colaboración para os programas de radio do instituto, nos que eles mesmos buscan personaxes aos que entrevistar, música para escoitar, etc.

O uso das TIC permite que os propios alumnos axuden aos profesores neste ámbito, moitas veces máis coñecido para eles que para os propios docentes. Desta maneira daremos aos alumnos a oportunidade de demostrar as súas habilidades, fomentando a responsabilidade, e a autoestima, dous factores que consideramos clave para desenvolver esta capacidade.

Ademáis do uso das novas tecnoloxías e da redacción persoal de impresións sobre música, na materia de MÚSICA propondremos ao alumnado a búsqueda autónoma de información para a elaboración de diferentes proxectos que terán que expoñer ante a clase. En 2º de ESO sobre os

instrumentos musicais, en 3º de ESO sobre a súa historia sonora e da súa familia, etc.

### 7. **Conciencia e expresión culturais.**

A MÚSICA axuda a desenvolver a capacidade cultural e artística xa que na práctica musical (tocar, cantar, bailar ó ritmo da música) estanse traballando habilidades para vivir e disfrutar da música e apreciar os elementos musicais de diferentes tipos de música.

A audición musical en clase, e a asistencia a concertos de música en directo, está familiarizando ao alumnado co ámbito cultural e artístico da vila, facendo partícipes aos propios alumnos das actividades propostas, e por tanto axudándolles a comprender e disfrutar esa música que escoitan.

A composición ou creación a través da improvisación obriga aos alumnos a utilizar a música dentro dun proceso creativo, favorecendo o seu desenvolvemento como persoa no ámbito artístico e cultural. A música en xeral permite un acercamento máis profundo a todo tipo de música que amplía sen dúbidas o repertorio cultural do alumnado.

Insistimos na **ferramenta interdisciplinar tan valiosa que pode ser a Radio**, a radio do instituto, para desenvolver non só esta competencia senón tamén outras como a competencia en comunicación lingüística, competencia dixital, competencias sociais e cívicas, sentido de iniciativa e espírito emprendedor... **O uso desta ferramenta nas actividades creadas na clase de música permite ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.**

**A continuación** mencionamos outros aspectos ou proxectos do noso traballo que están directamente relacionados coa **ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS**, por seren traballos de carácter interdisciplinar, e permitir avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo e que nos gustaría desenvolver no IES de Viós nos próximos cursos.

## **INTERCAMBIOS E-TWINNING**

En 1º de ESO, onde unha das profesoras impartirá a asignatura de inglés traballaremos para fomentar o interese do alumnado por establecer relacións co alumnado de outros centros de Europa e ter a posibilidade de practicar inglés nun contexto máis real. A promoción destes intercambios en liña entre o alumnado permite favorecer a convivencia, valores como a tolerancia e a igualdade, a comprensión do diferente, indicen ademais no



desenvolvemento das competencias dixitais. Son experiencias e competencias aprendidas para toda a vida.

A través da plataforma E-twinning temos programados varios proxectos este curso: un centrado no inglés para o alumnado de 1º de ESO con alumnado de Varsovia, e outro en 2º de ESO (música bilingüe) con alumnado de Italia. Un instituto de Polonia e outro de Francia están interesados ademais en unirse a este proxecto sobre música, co cal faríamos un intercambio online coa implicación de catro países. Consideramos E-TWINNING e este proxecto de intercambio unha **ferramenta eficaz para o traballo integrado das diferentes competencias: CCL/CCEC/CMCCT/CAA/CSIEE e por suposto CD e por suposto para o desenvolvemento dos obxectivos sustentables da Axenda 2030.**

## **RADIO Viós**

O departamento, a través de traballos de clase en 4º de ESO e tamén como actividade extraescolar fomentará a creación e participación en programas de radio para a súa posterior emisión na radio do instituto. Trátase doutra ferramenta que fomenta o traballo interdisciplinar e **permite o desenvolvemento das distintas competencias simultaneamente: CCL/CD/CAA/CSIEE/CMCCT/CCEC**

## **PROXECTO LECTOR DE CENTRO**

O desenvolvemento da materia de música descrito a través das competencias está directamente asociado aos OBXECTIVOS DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO en relación coa **lectura e a escritura, así como o pensamento crítico e a alfabetización informacional** en especial aquelas que fan referencia á lingua e aos aspectos da aprendizaxe dixital; tamén os proxectos internacionais e actividades como a radio escolar fomentan a implementación destas competencias lectoras.

# MATERIA DE MÚSICA

## OBXECTIVOS XERAIS NA ESO:

- Comunicarse correctamente de maneira oral e escrita utilizando unha linguaxe musical axeitada ao contexto no que se utiliza. CCL/CCEC
- Desenvolver a capacidade de aprender autónomamente, utilizando recursos como as TIC, os xornais, os medios audiovisuais e outros elementos presentes na vida cotiá do alumnado. CAA/CD/CCL/CMCCT/CSIEE
- Valorar a importancia do silencio activo, a nivel musical e persoal. CSC/CCL
- Ter capacidade para achegarse auditivamente e con respecto a calquera tipo de música. CSC/ CCEC
- Entender que a obra musical pode enriquecer a nosa vida persoal. CCEC/CSC
- Entender a funcionalidade dunha partitura. CCEC/CCL/CD
- Participar activamente e con respecto en calquera tipo de expresión artística musical. CSC/CCEC
- Desenvolver a competencia dixital a través de proxectos individuais e grupais relacionados coa música. CD/CCL/CSC/CSIEE/CAA
- Desenvolver unha capacidade afectiva sana que permita a relación entre homes e mulleres como iguais, entre compañeiros e persoas de diferentes lugares, razas, relixións e formas de pensar, con actitude aberta e comunicativa. CCL/CSC/CAA/CCEC

## OBXECTIVOS MÚSICA, 2º ESO

- Desenvolver a audición musical a través do recoñecemento dos parámetros do son e os elementos básicos de linguaxe musical.
- Manexar os elementos de representación gráfica da música na lectura e escritura musical.
- Desenvolver a capacidade de improvisación musical.
- Dominar noicións básicas de composición e formas de organización musical.
- Interpretar musicalmente obras sinxelas desenvolvendo as súas capacidades e habilidades musicais e de traballo en grupo.
- Respeitar as creacións musicais propias e alleas.
- Investigar as posibilidades sonoras de obxectos e as distintas fontes.
- Discriminar auditivamente os distintos instrumentos, as voces e as súas agrupacións.
- Descifrar o código musical na lectura de partituras.
- Valorar o silencio na audición musical.
- Discernir distintos tipos de música e a súa procedencia cultural.

- Describir a organización e a estruturación musical dunha obra interpretada en vivo ou gravada.
- Localizar e interiorizar situacións nas que se produce un uso indiscriminado do son e propoñer solucións.
- Relacionar a música con outras disciplinas.
- Mostrar interese por músicas de diferentes culturas e diversificar as preferencias musicais.
- Coñecer o patrimonio cultural español e adoptar unha actitude de conservación e transmisión deste.
- Desenvolver unha actitude crítica e unha capacidade de argumentación e razoamento en cuestións musicais.
- Valorar a música actual desenvolvendo unha capacidade de análise crítica e interese polos seus elementos creativos e innovadores.
- Manexar as ferramentas tecnolóxicas na gravación, a reprodución, a creación ou a interpretación musical.
- Utilizar os recursos informáticos como medios de aprendizaxe e investigación do feito musical.

## **OBXECTIVOS MÚSICA, 3º ESO**

- Repasar os contidos do curso previo en relación cos elementos básicos da linguaxe musical, a través da execución vocal e instrumental de pezas adecuadas ao nivel dos alumnos. **CCEC/CMCCT/CCL**
- Ampliar coñecementos de linguaxe musical (contidos). **CCEC/CMCCT/CCL**
- Expresar a través de instrumentos ou vocalmente a vivencia persoal do mundo sonoro interno, xa sexa a través dunha proposta previa, dunha composición do alumno ou ben dunha improvisación. **CCL/CCEC/CMCCT**
- Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto de conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.  
**CSC/CMCCT/CCEC/CAA/CCL/CSIEE**
- Crear e/ou improvisar pezas rítmicas e/ou melódicas en grupo. **CSIEE/CAA/CCL/CSC/CCEC**
- Valorar o silencio activo como elemento fundamental da música e da comunicación. **CCL/CSC/CCEC/CAA/CSC**
- Recoñecer e distinguir as distintas texturas da música. **CCEC**
- Recoñecer e diferenciar os distintos timbres de instrumentos e voces. **CCEC**
- Coñecer e distinguir auditivamente diferentes formas musicais e coñecer os elementos analíticos básicos. **CCEC/CMCCT**
- escoitar activamente e comprender as diferentes manifestacións musicais producidas en períodos históricos precedentes, nos momentos actuais o na propia aula coa fin de distinguilas e valoralas . **CCEC**

- Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música. **CCEC/CCL/CSC**
- Expresar con corrección ideas e opinións propias sobre o feito musical, facendo referencias obxectivas aos elementos que conforman a música. **CCL/CCEC/CAA**
- Facerse consciente da presenza da música en tódolos ámbitos da vida cotiá: na casa, no transporte, na escola, no cine, na televisión, na publicidade, en Internet, etc. **CSC/CAA/CCEC**
- Entender a interrelación da música coa danza, a pintura, a poesía. **CCEC**
- Coñecer e utilizar os programas de edición de partituras como MuseScore para copiar partituras e crear música nova. **CD/CMCCT/CAA/CSIEE**
- Desenvolver un vocabulario axeitado ao ámbito musical para a elaboración de proxectos grupais e individuais sobre música nas novas tecnoloxías. **CD/CCL/CAA/CCEC/CSIEE**
- Desenvolver capacidades relacionadas co manexo de programas informáticos básicos, como ppt, prezi, audacity, etc, coa fin de presentar un traballo de maneira ordeada e entender cómo as TIC poden facilitar e mellorar a calidade do traballo persoal. **CAA/CCL/CSIEE/CCEC.**

## **OBXECTIVOS MÚSICA 4º ESO**

- Interpretar de forma grupal cancións ou coreografías a través da descodificación de partituras ou graffas non convencionais.
- Contribuír ao desenvolvemento musical da comunidade educativa, participando en actuacións, ensaios e outros medios de difusión da música.
- Desenvolver a capacidade compositiva a través de diferentes técnicas e recursos.
- Coñecer as distintas profesións que rodean a creación, a edición e a difusión musical.
- Utilizar a audición e a análise de partituras, textos ou musicogramas como medios para a análise e a descrición dos distintos xéneros musicais.
- Xerar un criterio crítico á hora de comprender e analizar os distintos xéneros musicais.
- Manexar a linguaxe técnica apropiada na análise de obras e situacións musicais.
- Clasificar as obras musicais segundo o seu tempo, época ou cultura, estilo e autor, mostrando respecto polos distintos xéneros e ampliando as súas preferencias.
- Dirimir a función da música en cada contexto.
- Coñecer e respectar o patrimonio musical español e contribuír á súa conservación e transmisión.
- Valorar as distintas manifestacións musicais como fonte de enriquecemento musical.
- Extrapolar o coñecemento da música para expresarse a través doutras manifestacións artísticas.

- Descubrir a singularidade da música e as tendencias actuais.
- Recoñecer o papel das tecnoloxías na transmisión, modernización e formación musical.
- Utilizar distintas técnicas de rexistro e gravación musical como medio para evidenciar os avances musicais.
- Recoñecer a importancia da música nos medios de comunicación.
- Optimizar o uso de ferramentas tecnolóxicas aplicadas á música.

## **CONTIDOS DA MATERIA DE MÚSICA NA ESO**

### **CONTIDOS MÚSICA, 2º ESO**

Os contidos que se traballarán a través das unidades son:

- Parámetros do son: son, ruído, silencio. Contaminación acústica.
- Cualidades do son: altura, duración, intensidade, timbre.
- Pentagrama, notas, alteracións e outras representacións gráficas do son.
- Claves, figuras e matices.
- Pulso, ritmo, compás, tempo.
- Melodía, frase, intervalo, escala, acorde.
- Achegamento ás partituras para coro e grupo instrumental.
- A voz humana, o aparato fonador.
- Clasificación das voces humanas.
- Clasificación dos instrumentos.
- Xéneros musicais na cultura occidental.
- Principios básicos para a organización musical.
- Estructuras básicas binarias e ternarias.
- Execución de cancións coa voz e instrumentos, así como con percusión corporal.
- Aprendizaxe e execución de danzas que reforzan as estruturas aprendidas en clase.
- Programas informáticos: musescore, ppt, soundationstudio.

## **CONTIDOS MÚSICA, 3º ESO**

- Son, ruido, silencio. Respeto polas normas que rixen a execución musical.
- Elementos de representación gráfica da música. Repaso e ampliación.
- Agrupacións instrumentais e vocais.
- Clasificación e diferenciación dos distintos tipos de instrumentos e voces.
- A forma musical e os principais elementos analíticos. Textura.
- Execución de cancións e outras pezas musicais coa voz, os instrumentos e a percusión.
- Danzas do mundo.
- Composición e improvisación de pezas musicais individualmente e en grupo.
- Programas informáticos: musescore, audacity, soundationstudio, ppt, prezi.
- Audición activa.
- Análise e crítica de pezas musicais.
- Terminoloxía para o análise e crítica da música ou mesmo para dar unha opinión obxectiva.
- A práctica musical no escenario.
- A música en relación con outras artes.
- Investigación e búsqueda de material para a creación dun traballo individual ou en grupo.
- Períodos principais da historia da música.
- Liña da historia e outros organizadores gráficos. Mapa conceptual.
- Bases da música galega.
- Achegamento e interpretación da partitura.

## **CONTIDOS MÚSICA, 4º ESO**

- Elementos da linguaxe musical: a dobre velocidade: negra, corcheas e semicorcheas. O puntillo. A ligadura. Signos de repetición. Signos que alargan a duración do son. Repaso e ampliación
- Instrumentos musicais. Clasificación. Instrumentos raros.
- Clasificación das voces humanas.

- Interpretación de pezas con voz e/ou instrumentos.
- Danzas con coreografía e danzas improvisadas.
- Música de diferentes períodos da historia.
- Música popular de diferentes países.
- Achegamento aos distintos perfís da música galega.
- Música jazz e música rock.
- Música e outras artes.
- Música e medios de comunicación
- Música e cine.
- Novas tecnoloxías e música: musescore, audacity, spreker, sundationstudio.
- Outras aplicacións para móbiles ou ordenador: liñas da historia, mapas conceptuais, organizadores da axenda, socrative...
- As profesións da música.

# CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

## 2º ESO

| CONTIDOS  | CRITERIOS DE AVALIACIÓN   | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE   | COMPE-<br>TENCIAS CLAVE                            |
|---|---|---|--|
| <b>Bloque 1: Interpretación e creación</b>  |   |   |  |
| Elementos da música   | - Recoñecer os elementos da música de maneira práctica e teórica.   | - Elabora un mapa conceptual cos elementos da música.<br>- Diseña un piano virtual no que posteriormente desenvolverá as características da altura e a melodía.<br>- Fai un estudo dos aspectos acústicos do centro de ensino e as posibilidades de mellora en relación coa contaminación acústica. (traballo cooperativo).   | <b>CSC, CCEC, CMCCT, CCL, CD</b>                   |
| Elementos de representación gráfica da música.  | - Utilizar correctamente a linguaxe musical xa coñecida e de nova adquisición.<br>- Expresar a través de instrumentos ou vocalmente o mundo sonoro interno, xa sexa a través dunha proposta previa, dunha composición do alumno ou ben dunha improvisación.<br>- Escribir correctamente sobre o pentagrama. | - Crea unha composición rítmica en pequeno grupo con percusión corporal.<br>- Toca pezas de música propostas en clase con precisión rítmica e melódica.<br>- Constrúe un instrumento musical de afinación indeterminada.<br>- Copia correctamente unha partitura a dúas voces.  | <b>CCEC/CMCCT/<br/>CCL</b>                         |
| Execución de cancións e outras pezas musicais coa voz, os instrumentos e a percusión. | - Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, intentando concertar a súa acción coa do resto de conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.  | - Crea e/ou improvisa pezas rítmicas e/ou melódicas en grupo.<br>- Executa correctamente as pezas rítmicas.<br>- Entona correctamente as cancións que cantamos en clase.<br>- Presenta unha dixitación correcta tocando a frauta.<br>- Acepta as propostas dos compañeiros e propón solucións novas.<br>- Improvisa pezas musicais individualmente ou en grupo.<br>- Canta a unha voz afinando correctamente. | <b>CSC/CMCCT/<br/>CCEC/CAA/<br/>CCL/<br/>CSIEE</b> |
| <b>Bloque 2: escoita</b>  |   |   |  |
| Son, ruído, silencio. Normas de execución musical.                                    | - Valorar o silencio activo como elemento fundamental da música e da comunicación.  | - escoita aos compañeiros cando toca.<br>- Respeita as actuacións dos demais e as audicións feitas en clase.  | <b>CCEC/CSC/<br/>CCL</b>                           |
| - Agrupacións instrumentais e   | - Recoñecer e diferenciar os distintos  | - Crea unha presentación en ppt ou prezi sobre un instrumento   | <b>CCEC/CD/CCL</b>                                 |



|   |  |  |                                |
|---|--|--|--------------------------------|
| vocais. Clasificación de instrumentos e voces.  | timbres de instrumentos e voces.<br>- Mostrar unha audición activa.  | musical raro proposto pola profesora.<br>- escoita a música e diferencia os timbres de instrumentos e voces.   |                                |
| - Textura   | - Recoñecer e distinguir as distintas texturas da música.  | - Recoñece auditivamente a melodía acompañada.<br>- Entende a diferenza entre unísono e polifonía.   | <b>CCL/CCEC</b>                |
| - A forma musical e os principais elementos analíticos.   | - Coñecer e distinguir auditivamente diferentes formas musicais e coñecer os elementos analíticos básicos.   | - Analiza unha canción e diferencia as diferentes frases<br>- escoita pezas de músicas e diferencia as frases e semifrases.<br>- Analiza un fragmento de música nun medio audiovisual mostrando as principais funcións.  | <b>CCEC/CMCCT/<br/>CCL/CAA</b> |
| <b>Bloque 3: Contextos musicais e culturais</b>   |  |  |                                |
| - Expresando ideas: terminoloxía para o análise e crítica da música ou mesmo para dar unha opinión obxectiva. | - Expresar con corrección e claridade ideas e opinións propias sobre o feito musical, facendo referencias obxectivas aos elementos que conforman a música. | - Utiliza correctamente a linguaxe e a terminoloxía musical adecuada nos seus traballos.<br>- Presenta os seus traballos con claridade.<br>- Utiliza organizadores gráficos e esquemas ou mapas conceptuais para mostrar as ideas.                                       | <b>CCL/CCEC</b>                |
| - Períodos principais da historia da música.  | - escoitar activamente e comprender as diferentes manifestacións musicais de diferentes momentos da historiaa.   | - Diferencia os distintos tipos de música vocal e instrumental.<br>- Analiza unha cantiga medieval<br>- Elabora unha presentación (ppt ou prezi) sobre algún aspecto da música histórica.<br>- Elabora un programa de radio no que entrevista a unha muller compositora. | <b>CCEC/CCL/CD/<br/>CAA</b>    |
| - Música actual   | - Comprender a música actual como unha manifestación máis do contexto histórico.   | - Analiza unha canción moderna (forma e letra).<br>- Contextualiza unha canción dentro dun estilo de música.   | <b>CCEC/CCL/CD/CAA</b>         |
| - Bases da música galega.   | - Coñecer e respetar as manifestacións da música do país propio.   | - Respetar as manifestacións musicais da música propia, escoitando, participando na interpretación ou mostrando a outros compañeiros características da música e os instrumentos galegos.  | <b>CCEC/CD/CCL</b>             |
| <b>Bloque 4: Música e tecnoloxías</b>   |  |  |                                |
| - Reflexión, investigación e búsqueda de material para a  | - Facerse consciente da presenza da música en tódolos ámbitos da vida cotiá:   | - Reflexiona sobre a historia sonora propia.<br>- Entrevista á familia para descubrir gustos musicais.   | <b>CSC/CAA/CCEC/CD</b>         |

|   |   |   |                               |
|---|---|---|-------------------------------|
| creación dun traballo individual ou en grupo sobre as emocións. | na casa, no transporte, na escola, no cine, na televisión, na publicidade, en Internet, etc.<br>- Reflexionar sobre as emocións e a música.   | - Investiga sobre os gustos musicais dos compañeiros, amigos e familia.<br>- Crea un portfolio con toda a información conseguida.<br>- Fai un resumo coas súas conclusións.<br>- Crea un rap en <i>autorap</i> sobre as emocións persoais ante a música.<br>- Crea un anuncio publicitario contra a violencia de xénero, o acoso escolar ou de apoio á lingua galega. |                               |
| Programas informáticos: musescore.                              | - Coñecer e utilizar os programas de edición de partituras como Musescore para copiar partituras e crear música nova.   | - Coñece e utiliza o programa Musescore para editar partituras e copialas.<br>- Utiliza o programa soundationstudio, incredibox, ou outros para crear música a través do ordenador.   | <b>CD/CCEC/CMCCT</b>          |
| Programas informáticos: Spraker, audacity.                      | - Desenvolver capacidades relacionadas co manexo de programas informáticos básicos, como ppt, prezi, audacity, etc, coa fin de presentar un traballo de maneira ordeada e entender cómo as TIC poden facilitar e mellorar a calidade do traballo persoal. | - Coñece e utiliza programas como Spraker ou Audacity para traballar de forma autónoma coa edicións de sons.<br>- Crea un programa de radio en parellas.<br>- Compón un rap e o graba coa súa voz.  | <b>CD/CAA/CCL/CSIEE/CCEC.</b> |
| - Danzas do mundo no escenario.                                 | - Coñecer danzas doutros países e do propio.<br>- Utilizar o corpo como ferramenta para aprender a estrutura da música.   | - Elabora unha actividade interdisciplinar con música, imaxe e danza e que se mostrará ante o público.<br>- Participa de forma activa na aprendizaxe de diferentes danzas.  | <b>CCL/CCEC/CAA</b>           |
| - A música en relación con outras artes.                        | - Entender a interrelación da música coa danza, a pintura e a poesía.   | - Traballa interdisciplinarmente sobre o vídeo dunha cantante actual.<br>- Participa nun brainstorm aportando ideas sobre o significado da canción  | <b>CCL/CCEC/CAA/CD</b>        |

### 3º ESO

| CONTIDOS   | CRITERIOS DE AVALIACIÓN  | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE   | COMPE-<br>TENCIAS CLAVE    |
|--|--|---|----------------------------|
| <b>Bloque 1: Interpretación e creación</b>       |  |   |                            |
| - Elementos de representación gráfica da música. | - Utilizar correctamente a linguaxe musical xa coñecida e de nova adquisición. | - Crea unha composición rítmica en grupo con percusión corporal.<br>- Toca pezas de música propostas en clase buscando diferentes | <b>CCEC/CMCCT/<br/>CCL</b> |

|   |  |   |  |
|---|--|---|--|
|   | - Expresar a través de instrumentos ou vocalmente o mundo sonoro interno, xa sexa a través dunha proposta previa, dunha composición do alumno ou ben dunha improvisación.  | sonoridades tímbricas, con precisión rítmica e melódica. (individual e grupo).<br>- Constrúe un instrumento musical afinado con botellas de cristal ou trae outra proposta.   |  |
| - Execución de cancións e outras pezas musicais coa voz, os instrumentos e a percusión. | - Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, intentando concertar a súa acción coa do resto de conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. | - Crea e/ou improvisa pezas rítmicas e/ou melódicas en grupo.<br>- Executa correctamente as pezas rítmicas.<br>- Entona correctamente as cancións que cantamos en clase.<br>- Presenta unha dixitación correcta tocando a frauta.<br>- Acepta as propostas dos compañeiros e propón solucións novas.<br>- Improvisa pezas musicais individualmente ou en grupo.   | <b>CSC/CMCCT/<br/>CCEC/CAA/<br/>CCL/<br/>CSIEE</b> |
| - Son, ruído, silencio. Normas de execución musical.                                    | - Valorar o silencio activo como elemento fundamental da música e da comunicación.   | - escoita aos compañeiros cando toca.<br>- Respeita as actuacións dos demais e as audicións feitas en clase.  | <b>CCEC/CSC/<br/>CCL</b>                           |
| <b>Bloque 2: escoita</b>  |  |   |  |
| - Agrupacións instrumentais e vocais. Clasificación de instrumentos e voces.            | - Recoñecer e diferenciar os distintos timbres de instrumentos e voces.<br>- Mostrar unha audición activa.   | - Crea unha presentación en ppt ou prezi sobre a clasificación dos instrumentos da música medieval, utilizando fotos, texto e explicacións sobre eles.<br>- escoita a música e diferencia os timbres de instrumentos e voces.<br>- Contextualiza determinados instrumentos no seu momento histórico.  | <b>CCEC/CD/CCL</b>                                 |
| - A forma musical e os principais elementos analíticos.                                 | - Coñecer e distinguir auditivamente diferentes formas musicais e coñecer os elementos analíticos básicos.   | - Analiza unha canción e escribe de forma esquemática a súa estrutura.<br>- escoita pezas de músicas e diferencia a súa forma.<br>- Diferencia timbre, melodía, ritmo e intensidade como elementos básicos dunha composición musical.<br>- Recoñece auditivamente a presenza do baixo contínuo nunha peza musical.<br>- Sabe distinguir cal é o elemento analítico estrutural dunha peza musical.<br>- Analiza un fragmento de música nun medio audiovisual mostrando as principais funcións. | <b>CCEC/CMCCT/<br/>CCL/CAA</b>                     |
| - Textura   | - Recoñecer e distinguir as distintas texturas da música.  | - Diferencia a homofonía e a polifonía de estilo imitativo seguindo unha partitura.<br>- Recoñece auditivamente a melodía acompañada.   | <b>CCL/CCEC</b>                                    |

|   |  |  |                        |
|---|--|--|------------------------|
| - Expresando ideas: terminoloxía para o análise e crítica da música ou mesmo para dar unha opinión obxectiva. | - Expresar con corrección e claridade ideas e opinións propias sobre o feito musical, facendo referencias obxectivas aos elementos que conforman a música.           | - Utiliza correctamente a linguaxe e a terminoloxía musical adecuada nos seus traballos.<br>- Presenta os seus traballos con claridade.<br>- Utiliza organizadores gráficos e esquemas ou mapas conceptuais para mostrar as ideas.   | <b>CCL/CCEC</b>        |
| <b>Bloque 3: Contextos musicais e culturais</b>   |  |  |                        |
| -Liña da historia e outros organizadores gráficos.  | - Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.   | - Realiza unha liña da historia completa co programa <i>Timetoast</i> utilizando fotos e textos adecuados.   | <b>CCEC/CCL/CD/CAA</b> |
| - Bases da música galega.   | - Coñecer e respetar as manifestacións da música do país propio.   | - Respeta as manifestacións musicais da música propia, escoitando, participando na interpretación ou mostrando a outros compañeiros características da música e os instrumentos galegos.   | <b>CCEC/CD/CCL</b>     |
| - Períodos principais da historia da música.  | - Escoitar activamente e comprender as diferentes manifestacións musicais producidas en períodos históricos precedentes, e nos momentos actuais.                     | - Diferencia os distintos tipos de música contextualizando cada un no seu momento histórico.<br>- Crea un <i>fakebook</i> sobre un compositor do período barroco, expoñendo os feitos principais da súa carreira como músico.<br>- Elabora unha presentación (ppt ou prezi) sobre unha muller compositora do período clásico.<br>- Diseña un mapa conceptual en <i>bubbl.us</i> cos compositores do período romántico diferenciando o país de procedencia.<br>- Elabora un programa de radio no que entrevista a un compositor de século XX. | <b>CCEC/CCL/CD/CAA</b> |
| - Danzas do mundo no escenario.   | - Coñecer danzas doutros países e do propio.<br>- Utilizar o corpo como ferramenta para aprender a estrutura da música.  | - Elabora unha actividade interdisciplinar con música, imaxe e danza e que se mostrará ante o público.<br>- Participa de forma activa na aprendizaxe de diferentes danzas.   | <b>CCL/CCEC/CAA</b>    |
| - Audición musical de diferentes períodos da historia.  | - Recoñecer música de diferentes períodos históricos.  | - Recoñece audicións de diferentes períodos históricos e os sitúa cronoloxicamente.  | <b>CCEC/CL</b>         |
| <b>Bloque 4: Música e tecnoloxías</b>   |  |  |                        |
| - Reflexión, investigación e búsqueda de material para a creación dun traballo individual ou en grupo sobre   | - Facerse consciente da presenza da música en tódolos ámbitos da vida cotiá: na casa, no transporte, na escola, no cine, na televisión, na publicidade, en Internet, | - Fai un estudo monográfico sobre un estilo de música (hitórico e/ou moderno). Traballo cooperativo.<br>- Crea un portfolio con toda a información conseguida.<br>- Fai un resumo coas súas conclusións.   | <b>CSC/CAA/CCEC/CD</b> |

|  |   |  |                               |
|--|---|--|-------------------------------|
| as emocións.                               | etc.<br>- Reflexionar sobre as emocións e a música.   | - Crea un programa de radio (informativo, concurso, musical... no que se expoñan as conclusións do traballo realizado).  |                               |
| Programas informáticos: Spreker, audacity. | - Desenvolver capacidades relacionadas co manexo de programas informáticos básicos, como ppt, prezi, audacity, etc, coa fin de presentar un traballo de maneira ordeada e entender cómo as TIC poden facilitar e mellorar a calidade do traballo persoal. | - Coñece e utiliza programas como Spraker ou Audacity para traballar de forma autónoma coa edicións de sons.<br>- Crea un programa de radio en parellas ou pequeno grupo.<br>- Utiliza programas aprendidos en cursos anteriores para compoñer música e utilízala no programa de radio.  | <b>CD/CAA/CCL/CSIEE/CCEC.</b> |
| Programas informáticos: musescore.         | - Coñecer e utilizar os programas de edición de partituras como Musescore para copiar partituras e crear música nova.   | - Coñece e utiliza o programa Musescore para editar partituras, copialas ou crear música nova.<br>- Compón pezas musicais de 8 compases para seren tocadas por dous instrumentos.<br>- Crea música en musescore para acompañar un fragmento de vídeo. Utiliza os diferentes elementos da música: timbre, melodía, ritmo e dinámica para expresar diferentes significados.  | <b>CD/CCEC/CMCCT</b>          |
| - A música en relación con outras artes.   | - Entender a interrelación da música coa danza, a pintura e a poesía.   | - Traballa interdisciplinarmente sobre o vídeo dunha cantante actual.<br>- Participa nun brainstorm aportando ideas sobre o significado da canción<br>- Responde a preguntas clave para entender o significado das imaxes.<br>- Elabora un borrador para a creación dun vídeo.<br>- Elabora un borrador para a creación da música que acompañará as imaxes no vídeo.<br>- Utiliza o programa soundationstudio, ou musescore para incorporar a música ao vídeo. | <b>CCL/CCEC/CAA/CD</b>        |

## 4º ESO

| CONTIDOS   | CRITERIOS DE AVALIACIÓN  | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE   | COMPE-<br>TENCIAS CLAVE |
|--|--|---|-------------------------|
| <b>Bloque 1: Interpretación e creación.</b>      |  |   |                         |
| - Elementos de representación gráfica da música. | - Utilizar correctamente a linguaxe musical xa coñecida e de nova adquisición.<br>- Expresar a través de instrumentos ou | - Crea unha composición utilizando diferentes sons ou ruídos e seguindo as normas dos músicos que experimentaron coa música concreta durante o século XX, inclúen tamén a percusión corporal. | <b>CCEC/CMCCT/CCL</b>   |

|   |  |   |  |
|---|--|---|--|
|   | vocalmente o mundo sonoro interno, xa sexa a través dunha proposta previa, dunha composición do alumno ou ben dunha improvisación.   | - Toca pezas de música propostas en clase buscando diferentes sonoridades tímbricas, con precisión rítmica e melódica. ( A dificultade das pezas situarase no nivel musical do alumnado que escolla a materia).<br>- Propón a construción de instrumentos musicais de diferentes tipo. Realiza este proxecto dominando as técnicas do traballo cooperativo.     |  |
| - Execución de cancións e outras pezas musicais coa voz, os instrumentos e a percusión.                       | - Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, intentando concertar a súa acción coa do resto de conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. | - Crea e/ou improvisa pezas rítmicas e/ou melódicas en grupo.<br>- Executa correctamente as pezas rítmicas.<br>- Entona correctamente as cancións que cantamos en clase.<br>- Presenta unha dixitación correcta tocando a frauta.<br>- Acepta as propostas dos compañeiros e propón solucións novas.<br>- Improvisa pezas musicais individualmente ou en grupo. | <b>CSC/CMCCT/<br/>CCEC/CAA/<br/>CCL/<br/>CSIEE</b> |
| - Son, ruído, silencio. Normas de execución musical.  | - Valorar o silencio activo como elemento fundamental da música e da comunicación.   | - escoita aos compañeiros cando toca.<br>- Respeita as actuacións dos demais e as audicións feitas en clase.  | <b>CCEC/CSC/<br/>CCL</b>                           |
| <b>Bloque 2: escoita</b>  |  |   |  |
| - Expresando ideas: terminoloxía para o análise e crítica da música ou mesmo para dar unha opinión obxectiva. | - Expresar con corrección e claridade ideas e opinións propias sobre o feito musical, facendo referencias obxectivas aos elementos que conforman a música.   | - Utiliza correctamente a linguaxe e a terminoloxía musical adecuada nos seus traballos.<br>- Presenta os seus traballos con claridade.<br>- Utiliza organizadores gráficos e esquemas ou mapas conceptuais para mostrar as ideas.  | <b>CCL/CCEC</b>                                    |
| - A forma musical e os principais elementos analíticos.   | - Coñecer e distinguir auditivamente diferentes formas musicais e coñecer os elementos analíticos básicos.   | - Analiza unha canción e desenvolve a súa estrutura.<br>- escoita pezas de músicas e diferencia e recoñece a súa forma.<br>- Sabe distinguir cal é o elemento analítico estrutural dunha peza musical.<br>- Analiza un fragmento de música nun medio audiovisual mostrando as principais funcións.  | <b>CCEC/CMCCT/<br/>CCL/CAA</b>                     |
| - Agrupacións instrumentais e vocais. Clasificación de instrumentos e voces.                                  | - Recoñecer e diferenciar os distintos timbres de instrumentos e voces.<br>- Mostrar unha audición activa.   | - Crea unha presentación en ppt ou prezi sobre a clasificación dos instrumentos da música medieval, utilizando fotos, texto e explicacións sobre eles.<br>- escoita a música e diferencia os timbres de instrumentos e voces.<br>- Contextualiza determinados instrumentos no seu momento histórico.  | <b>CCEC/CD/CCL</b>                                 |
| - Textura   | - Recoñecer e distinguir as distintas  | - Recoñece auditivamente diferentes texturas musicais de diferentes   | <b>CCL/CCEC</b>                                    |

|  |  |   |                          |
|--|--|---|--------------------------|
|  | texturas da música.  | épocas históricas: melodía acompañada por un baixo contínuo, homofonía, polifonía, monodía.   |                          |
| <b>Bloque 3: Contextos musicais e culturais</b>  |  |   |                          |
| - Medios de comunicación e cine  | - Comprender o papel da música no cine e na publicidade.   | - É consciente do uso da música e do son nos medios audiovisuais.<br>- Recoñece os diferentes significados da música en relación coa imaxes.<br>- Proxecto: busca diferentes recursos sonoros para acompañar as imaxes dun fragmento de película ou dun anuncio publicitario.<br>- Proxecto cooperativo: crea música propia para acompañar as imaxes dun vídeo creado polo grupo. | <b>CCEC/CCL/CD</b>       |
| - Reflexión, investigación e búsqueda de material para a creación dun traballo individual ou en grupo sobre as emocións. | - Facerse consciente da presenza da música en tódolos ámbitos da vida cotiá: na casa, no transporte, na escola, no cine, na televisión, na publicidade, en Internet, etc.<br>- Reflexionar sobre as emocións e a música. | - Analiza o significado da música xunto coa imaxe en relación coas emocións.<br>- Reflexiona sobre as emocións vividas durante o visionado de anuncios e ou fragmentos de películas.<br>- Crea un anuncio publicitario contra a violencia de xénero, o acoso escolar ou de apoio á lingua galega.<br>- Responde a preguntas clave para entender o significado das imaxes.         | <b>CSC/CAA/CCEC/CD</b>   |
| - A música en relación con outras artes.   | - Entender a interrelación da música coa danza, a pintura e a poesía.  | - Reflexiona de maneira crítica e forma interdisciplinar sobre o videoclip dun/dunha cantante actual.<br>- Participa nun brainstorm aportando ideas sobre o significado da canción.   | <b>CCL/CCEC/CAA/CD</b>   |
| - Danzas do mundo no escenario.  | - Coñecer danzas doutros países e do propio.<br>- Utilizar o corpo como ferramenta para aprender a estrutura da música.  | - Elabora unha actividade interdisciplinar con música, imaxe e danza e que se mostrará ante o público nunha obra de teatro ou festival de música...<br>- Participa de forma activa na aprendizaxe de diferentes danzas.   | <b>CCL/CCEC/CAA</b>      |
| - Períodos principais da historia da música.   | - escoitar activamente e comprender as diferentes manifestacións musicais producidas en períodos históricos precedentes, e nos momentos actuais.   | - Diferencia os distintos tipos de música contextualizando cada un no seu momento histórico.<br>- Reflexiona sobre as manifestacións musicais e sonoras do século XX con especial atención ao ruidismo e a música concreta.<br>- Elabora un programa de radio ou un anuncio publicitario.   | <b>CCEC/CCL/CD/CAA</b>   |
| - Música galega e tradicional.   | - Recoñecer o valor da música tradicional e as conexións co resto da música.<br>- Recoñecer os puntos en común da música   | - Fai un estudo breve investigando os diferentes estilos de música tradicional en Europa.<br>- Presenta un proxecto cooperativo (parellas) sobre a música   | <b>CCEC/CCL/CD/CSIEE</b> |

|   |   |  |                               |
|---|---|--|-------------------------------|
|   | tradicional galega co resto da música tradicional europea.  | tradicional dun país europeo en concreto.<br>- Propón un programa posible para un Festival de Música tradicional ou música folk.   |                               |
| <b>Bloque 4: Música e tecnoloxías</b>       |   |  |                               |
| Programas informáticos: musescore.          | - Coñecer e utilizar os programas de edición de partituras como Musescore para copiar partituras e crear música nova.   | - Coñece e utiliza o programa Musescore para editar partituras, copialas ou crear música nova.<br>- Compón pezas musicais de varios compases para seren tocadas por varios instrumentos e para acompañar imaxes de vídeo ou películas. | <b>CD/CCEC/CMCCT</b>          |
| Programas informáticos: Spreaker, audacity. | - Desenvolver capacidades relacionadas co manexo de programas informáticos básicos, como ppt, prezi, audacity, etc, coa fin de presentar un traballo de maneira ordeada e entender cómo as TIC poden facilitar e mellorar a calidade do traballo persoal. | - Coñece e utiliza programas como Spraker ou Audacity para traballar de forma autónoma coa edicións de sons.<br>- Crea un vídeo e a súa música.<br>- Compón un rap, ou unha canción e o graba coa súa voz.                             | <b>CD/CAA/CCL/CSIEE/CCEC.</b> |

#### **ACLARACIÓN SOBRE A TEMPORALIZACIÓN dos CONTIDOS**

- Todos os contidos relacionados cos bloques 1: interpretación e creación, 2: escoita e 4: música e tecnoloxías impártense ao longo dos tres trimestres. En 2º de ESO os contidos de linguaxe musical son traballados de maneira máis específica durante o 1º trimestre e xa non se abandonan até rematar a materia en 4º de ESO.
- En 3º de ESO o bloque 3 (sobre contextos musicais) repártese da seguinte maneira:
- 1º trimestre: idade Media e Renacemento
- 2º Trimestre: Barroco.
- 3º Trimestre: Clasicismo e Romanticismo.
- En 4º de ESO o bloque 3 (sobre música e medios de comunicación) trabállase máis especificamente no 3º trimestre.



# CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

## METODOLOXÍA PRESENCIAL

O traballo grupal e cooperativo que vimos facendo co alumnado de música nos últimos cursos non poderá desenvolverse este ano, igual que o curso pasado, coa fin de evitar poñer en perigo a saúde do alumnado. Trataremos de evitar agrupacións e traballar de maneira individual o máximo posible. Sabemos os inconvenientes que disto se derivan, en relación coa adquisicións das competencias de maneira interdisciplinar, pero pretendemos que sexa unha medida temporal mentras estamos na situación resultante da pandemia. O traballo de interpretación e creación estará limitado a aqueles instrumentos que non requiran o uso do aire ou traballo coa respiración. No caso de utilizaren instrumentos compartidos na aula serán desinfectados despois de cada uso.

Na aula fomentamos en primeiro lugar unha **metodoloxía activa e participativa**, e globalizada, que requira a posta en práctica de todas as competencias do alumnado, na que o propio alumno se fai consciente das súas capacidades e posibilidades de mellora. A metodoloxía utilizada será por unha parte **deductiva**, xa que pedimos aos alumnos que busquen información, tanto a partir de propostas dadas en clase, utilizando as TIC como ferramenta, como a través da realización de traballos persoais e grupais, que en cada nivel teñen unhas características diferentes. Por outra banda tratamos de utilizar unha metodoloxía **inductiva**, cando damos unha información previa aos alumnos, para que así poidan acceder á información de maneira máis clara, e prestando atención a elementos concretos, como por exemplo nas audicións de diferentes fragmentos de música.

Os intercambios en liña a través da plataforma etwinning permitíranos utilizar as **TIC** na nosa metodoloxía de ensino-aprendizaxe, na medida en que poidamos dispoñer da aula de informática. En canto ao uso do ordenador propoñemos dúas maneiras de traballar: a primeira na que o profesor levará o ordenador a clase e poñerá os exemplos e explicacións a través del, para que os alumnos logo poidan utilizar o seu propio na casa, ademáis tentaremos comezar a facer as audicións a través dunha presentación. A segunda opción de traballo cos ordenadores sería poder acceder con todo o grupo de alumnos á aula de informática de maneira que cada un poida traballar individualmente nun ordenador e experimentar así o traballo dentro dun programa editor de partituras. Non descartamos a elaboración de videotutoriais para o alumnado e tamén de flipped classrooms.

Utilizamos blogs e páxinas webs diseñadas polos profesores para proveer ao alumnado de puntos de partida para a súa búsqueda. Utilizamos estas webs tamén para informar ao alumnado de cómo manexarse en e-twinning, de cómo diseñar unha presentación en prezi ou para realizar un programa de radio a través de audacity ou speaker, por poñer algúns exemplos.

## PREVISIÓN DE METODOLOXÍA NON PRESENCIAL

|  |               |   |
|--|---------------|---|
| <b>Traballo telemático,<br/>actividades tipo</b> | <b>2º ESO</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Enquisas sobre vídeos a través de ESL vídeo (instrumentos musicais).</li> <li>• Elaboración dun mapa de instrumentos en thinglink.</li> <li>• Elaboración dun vídeo imitando ritmos de percusión corporal (plataforma flipgrid).</li> <li>• Elaboración de composicións a través de Incredibox.</li> <li>• Elaboración de fichas de repaso sobre os elementos da linguaxe musical e as cualidades do son.</li> <li>• A miña historia sonora. Estudo monográfico sobre os gustos musicais propios e da familia.</li> <li>• Creación dun portfolio con toda a información conseguida.</li> <li>• Outras tarefas explicitadas no blog</li> <li>• Videoconferencias</li> </ul> |
|  | <b>3º ESO</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Enquisas sobre visionado de vídeos a través de ESL vídeo (instrumentos musicais, períodos da historia da música)</li> <li>• Grabación oral sobre coñecidas mulleres compositoras.</li> <li>• Elaboración dunha liña da historia con momentos clave (drive, timeline...)</li> <li>• Estudo monográfico sobre os gustos musicais propios e da familia.</li> <li>• Creación dun portfolio con toda a información conseguida.</li> <li>• Fakebook dos compositores barrocos.</li> <li>• Elaboración do mapa dos compositores en Europa con thinglink.</li> <li>• Outras tarefas explicitadas no blog.</li> <li>• Videoconferencias</li> </ul>                                  |
|  | <b>4º ESO</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo cos programas musescore e audacity.</li> <li>• Enquisas sobre visionado de vídeos a través de ESL vídeo</li> <li>• Traballo grupal a través de drive, elaboración de programas de radio.</li> <li>• Comentarios críticos e comentario de opinión sobre textos e vídeos. Música e medios de comunicación.</li> <li>• Elaboración dunha revista dixital con isuu. Análise musical e literario.</li> <li>• Outras tarefas explicitadas no blog.</li> <li>• Videoconferencias</li> </ul>  |
| alumnado con conectividade                       |               | <ul style="list-style-type: none"> <li>• As tarefas son subidas á aula virtual da web do instituto o domingo pola noite.</li> <li>• O alumnado recibe unha tarefa semanal ou quincenal</li> </ul>   |

|                            |   |
|----------------------------|---|
|                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A través de correo electrónico reciben tarefas, vídeos explicativos e material complementario</li> <li>• Propostas de traballo grupal a través de drive</li> <li>• Videoconferencia para explicar e/ou aclarar dúbidas</li> <li>• Corrección e feedback das tarefas entregadas a cada alumno individualmente</li> <li>• Entrega de solucionarios.</li> </ul> |
| Alumnado sen conectividade | <ul style="list-style-type: none"> <li>• As tarefas entréganse directamente ao alumnado a través do seu correo electrónico.</li> <li>• Corrección e feedback a través do correo electrónico</li> <li>• O equipo directivo fai chegar tarefas en papel a alumnado que non se comunica co correo electrónico.</li> </ul>  |

## PREVISIÓN DE METODOLOXÍA SEMIPRESENCIAL

- O alumnado recibirá as instrucción para o traballo dende a casa no momento da presencialidade.
- A corrección das tarefas farase no momento en que o alumnado está en clase.
- Manterase unha relación con todo o alumnado a través do correo electrónico mentras estes permanezan na casa.
- Utilizaranse os materiais e actividades da metodoloxía presencial en combinación coas da metodoloxía non presencial.
- Tratarase de establecer un diálogo empático con todo o alumnado para tratar de adaptar os contidos e metodoloxía ás súas necesidades e tendo especial coidado con aqueles que non teñan posibilidades de conexión telemática.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS UTILIZADOS

As aula de música está dotada con **ordenador portátil e canón**. A dotación de **instrumentos musicais** está moi anticuada, por iso faremos unha petición de material ao principio de curso. Aínda así este é parte esencial do material utilizado na aula de música, así como a fruta doce que cada alumno/a trae a clase.

As páxinas web e blogs creados polo profesorado, e xa mencionados nesta programación:

[www.enredesonora.blogspot.com.es](http://www.enredesonora.blogspot.com.es)

**Libros de texto:** O departamento de música non fai proposta de libros de texto xa que utiliza outros materiais como os xa mencionados.

**Aulas de informática, aulas abalar e biblioteca.**

**Para a proposta de traballo telemático dende a casa propoñemos:**

Alumnado conectado e profesorado: **Ordenador, Tablet, Teléfono móbil, web IES, correo electrónico, drive, cisco webex.**

Páxinas utilizadas para a elaboración de materiais: **flipgrid, ESL vídeo, isuu, spark adobe, apowersoft, vocaroo, incredibox, timeline, prezi, wix, blogger, quizizz, cuestionarios de google.**

## **CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN MÚSICA**

Os alumnos deberán ser capaces de levar a cabo os criterios de avaliación que se detallan con anterioridade en cada curso, e para iso deberán:

- Mostrar unha actitude positiva nas relacións persoais dentro da clase e en relación coa asignatura. Nesta materia o valor da actitude é moi importante, xa que gran parte das sesións son de carácter práctico e só se poden levar a cabo cunha actitude positiva e un comportamento adecuado do alumnado. Por iso, a nota relacionada co comportamento e actitude terá un valor do **30 % na nota da avaliación**. A non entrega dos traballos requeridos ou o feito de non traballar nas actividades de grupo considerárase unha actitude negativa cara á materia. Neste apartado consideramos as competencias: **CSC, CAA, CCEC, CSIEE, CMCCT. (Queremos especificar un 20 % desta nota para o alumnado da sección bilingüe, na súa actitude cara ao uso da lingua estranxeira). Na materia de música non avaliamos a capacidade lingüística na lingua estranxeira pero sí a actitude que mostra o alumnado en relación co uso da mesma en clase e nos traballos que se lle piden).**
- O traballo de clase: entrega das actividades realizadas na aula de informática, libreta postas ao día, traballos de grupo, improvisacións, interpretación de pezas musicais, etc, así como a exposición dos mesmos diante dos compañeiros terán un valor de **30 % na nota da avaliación. CD, CL, CCEC, CMCCT.**
- Os exames teóricos terán un valor de **40 % na nota da avaliación**. Competencia en expresión cultural, competencia lingüística. **CL, CCEC**
- **No caso de traballo non presencial o 70% da nota será a presentación das tarefas solicitadas** (así como a presenza nas videoconferencias no caso de se convocaren. sempre que o alumnado teña a posibilidade de conectarse.) **O outro 30% poderá avaliarse a través de cuestionarios google ou quizziz** (se o momento das probas teóricas coinciden con tempo non presencial).
- Unha vez avaliado o tempo presencial e non presencial, **a nota resultante será proporcional ao tempo que dure cada unha das dúas modalidades.**

- No caso raro de existir alumnado con incapacidade total de conexión telemática ou que non poida por algunha razón desplazarse para entregar o seu traballo feito en casa, a súa nota será o resultado do traballo realizado durante a fase presencial. Estes condicionantes deben ser debidamente xustificadas pola súa familia ante a dirección do centro ou o departamento.

O plantexamento da materia dende o departamento de música ofrece diferentes posibilidades para que os alumnos desenvolvan as distintas intelixencias e permite unha flexibilidade ampla para a presentación dos traballos, a interpretación das pezas musicais ou o desenvolvemento da creatividade do alumnado, ao mesmo tempo que abre un abanico amplo de actividades e recursos para axudar a desenvolver tódalas competencias, incluída a COMPETENCIA EMOCIONAL que consideramos moi importante e poucas veces mencionada.

## PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN PARA 2º ESO

Vanse empregar os seguintes procedementos de avaliación para a área de Música no 2º curso da ESO

1.- **Observación directa na clase.** Partindo do nivel de cada alumno, valoraranse os seguintes aspectos::

Interés pola asignatura. A actitude: respecto cara a profesora e os/as compañeiros/as.

Aportación e uso do material escolar.

Esforzo individual.

Participación e cooperación no traballo de grupo.

Hábitos de traballo.

Progreso e mellora.

Participación e implicación en actividades musicais, dentro e fóra da aula.

Desenvolvemento da escoita activa e participativa nas actividades de audición.

Traer o material a clase, incluída a fruta.

Valoración do nivel de coñecemento da linguaxe musical, capacidade de análise de audicións e nivel de desenvolvemento e aplicación dos contidos tratados diariamente na aula.

Actitude cara ao uso da lingua estranxeira (no caso da sección bilingüe).

2.- **Revisión de tarefas.** O seguimento do proceso de aprendizaxe lévase a cabo a través de:

O caderno de clase e a libreta de pentagramas: realización de todas as actividades e escritura musical, presentandos con orde, limpeza e claridade.

Interpretación das partituras coa frauta.

Análisis de traballos escritos e pequenas investigacións.

Valoración da capacidade de indagación na realización de traballos: búsqueda e selección de datos, organización e posterior presentación e exposición ao grupo, conclusións e reflexións obtidas.

Presentacións de traballos de grupo: exercicios rítmicos, composicións.

Participación na interpretación de pequeno grupo e gran grupo con diferentes instrumentos ou voces.

3.- **Probos específicas.** Estas levaranse a cabo a través de dous tipos de exames:

Probos escritas sobre os contidos tratados.

Probos interpretativas coa frauta e outros instrumentos sobre as partituras traballadas.

Presentación de mapas conceptuais, liñas da historia, comentarios, ou tarefas de clase individuais ou grupais.

**Criterios de corrección e calificación de exames:**

As avaliacións serán trimestrais e para a nota final da avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

**Conceptos teóricos.** Neste apartado avaliaranse os exames escritos relacionados cos contidos traballados durante o trimestre. Este apartado suporá o 40 % da nota final da avaliación.

**Expresión musical, caderno de clase e actitude:** Neste apartado avaliaranse as probas interpretativas coa frauta ou outros instrumentos sobre as partituras traballadas durante o trimestre, os exercicios de aula e o seguimento do caderno de clase así como a actitude do/a alumno/a. Este apartado suporá un 30% da nota final da avaliación. A actitude con respecto ao uso da lingua estranxeira no caso da materia bilingüe será contabilizado neste apartado.

**Traballos da aula de informática:** Estarán en relación cos aspectos teóricos tratados durante o trimestre. Este apartado significa o 30% da nota final da avaliación.

No caso de non podermos utiliza a aula de informática durante un ou varios trimestres (por motivos alleos ao departamento) a porcentaxe de valoración será de **50 % para o apartado de conceptos teóricos** e outro **50 % para a expresión musical, actitude e traballo de clase e caderno, é dicir toda a parte práctica da asignatura.**

A nota final do curso, será a media ponderada das notas que teña o alumno/a en cada unha das avaliacións trimestrais que se realizarán ao longo do curso, sempre que estean todas as avaliacións aprobadas.

**Disposición adicional:** tendo en conta que na materia de música traballamos co son/ruído e co silencio, e que se trata dunha materia principalmente de carácter práctico e participativo, consideramos esencial unha boa actitude e comportamento durante as clases, xa que en caso contrario todo o grupo verase impedido para a realización da interpretación musical ou das audicións. Por iso, engadimos a seguinte modificación aos criterios que acabamos de expoñer: **un comportamento ou actitude incorrectos de maneira continuada durante as sesións de clase poderán desenvolver nunha redución da nota final do trimestre de até tres puntos.**

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN PARA 3º ESO

1.- **Observación directa na clase.** Partindo do nivel de cada alumno, valoraranse os seguintes aspectos::

Interés pola asignatura.

Aportación e uso do material escolar.

Participación e implicación en actividades musicais, dentro e fóra da aula.

Respeto polo silencio e cara ao profesor/a e os compañeiros/as.

Traballo individual e grupal do alumno.

Interpretación das partituras coa frauta e outros instrumentos.

Valoración do nivel de coñecemento da linguaxe musical, capacidade de análise de audicións e nivel de desenvolvemento e aplicación dos contidos tratados diariamente na aula.

Participación e cooperación no traballo de grupo.

Interese e participación nas actividades realizadas fóra da aula e outros proxectos propostos.

Actitude cara ao uso da lingua estranxeira (no caso da sección bilingüe).

2.- **Revisión de tarefas.** O seguimento do proceso de aprendizaxe lévase a cabo a través de:

Diario de clase.

Realización apropiada dos traballos relacionados coas Tic que se proponen en clase.

Valoración da capacidade de indagación na realización de traballos: búsqueda e selección de datos, organización e posterior presentación e exposición ao grupo, conclusións e reflexións obtidas.

Traballo individual e grupal do alumno.

Participación e interese no traballo cooperativo.

Participación e interese na práctica instrumental e/ou vocal realizada en clase.

3.- **Probas específicas.**

Probas escritas sobre os contidos tratados.

Concursos orais sobre contidos teóricos.

Presentación de traballos individuais ou grupais.

Exames individuais ou colectivos de interpretación con instrumentos ou voces.

#### **Criterios de corrección e calificación de exames:**

As avaliacións serán trimestrais e para a nota final da avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

**Conceptos teóricos.** Neste apartado avaliaranse os exames escritos relacionados cos contidos traballados durante o trimestre así como outras probas relacionadas cos coñecementos teóricos. Este apartado suporá o 40% da nota final da avaliación.

**Expresión musical.** Neste apartado avaliaranse as probas interpretativas coa frauta ou outros instrumentos, exercicios musicais de percusión corporal, creacións musicais, composicións, etc. Diario de clase, actitude, participación. Este apartado suporá un 30% da nota final da avaliación. A actitude con respecto ao uso da lingua estranxeira no caso da materia bilingüe será contabilizado neste apartado.

**Traballos individuais e grupais relacionados coas Tic,** valorados segundo as rúbricas diseñadas para iso. Este apartado suporá un 30 % da nota final da avaliación.



No caso de non podermos utilizar a aula de informática durante un ou varios trimestres (por motivos alleos ao departamento) a porcentaxe de valoración será de **50 % para o apartado de conceptos teóricos** e outro **50 % para a expresión musical, actitude e traballo de clase e caderno, é dicir toda a parte práctica da asignatura.**

A nota final do curso, será a media ponderada das notas que teña o alumno/a en cada unha das avaliacións trimestrais que se realizarán ao longo do curso, sempre que estean todas as avaliacións aprobadas.

**Disposición adicional:** tendo en conta que na materia de música traballamos co son/ruído e co silencio, e que se trata dunha materia principalmente de carácter práctico e participativo, consideramos esencial unha boa actitude e comportamento durante as clases, xa que en caso contrario todo o grupo verase impedido para a realización da interpretación musical ou das audicións. Por iso, engadimos a seguinte modificación aos criterios que acabamos de expoñer: **un comportamento ou actitude incorrectos de maneira continuada durante as sesións de clase poderán desenvolver nunha redución da nota final do trimestre de até tres puntos.**

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN PARA 4º ESO

1.- **Observación directa na clase.** Partindo do nivel de cada alumno, valoraranse os seguintes aspectos::

Interés pola asignatura.

Aportación e uso del material escolar.

Esfuerzo individual.

Hábito de traballo.

Progreso e mellora.

Participación e implicación en actividades musicais, dentro e fuera da aula.

Desenrolo da escoita activa e participativa nas actividades de audición.

Levar a fruta á clase.

A actitude: respecto cara o profesor e os compañeiros/as.

Traballo individual e colectivo do alumno.

Valoración do nivel de coñecemento del lenguaje musical, capacidade de análisis de audicións e nivel de desenrolo e aplicación dos contidos trarados diariamente na aula.

2.- **Revisión de tarefas.** O seguimento do proceso de aprendizaxe lévase a cabo a través de:

O caderno de clase e a libreta de pentagramas: realización de todas as actividades e escritura musical, presentandos con orde, limpeza e claridade.

Interpretación das partituras coa frauta.

Análisis de traballos escritos e pequenas investigacións.

Valoración da capacidade de indagación na realización de traballos: búsqueda e selección de datos, organización e posterior presentación e exposición ao grupo, conclusións e reflexións obtidas.

3.- **Probas específicas.** Estas levaranse a cabo a través de dous tipos de exámes:

Probas escritas sobre os contidos tratados.

Probas interpretativas coa frauta e outros instrumentos sobre as partituras traballadas.

**Criterios de corrección e calificación de exámes:**

As avaliacións serán trimestrais e para a nota final da avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

**Conceptos teóricos.** Neste apartado avaliaranse os exames escritos relacionados cos contidos traballados durante o trimestre. Este apartado suporá o 40% da nota final da avaliación.

**Os traballos de carácter dixital asociados aos conceptos teóricos:** Este apartado suporá o 30% da nota final da avaliación.

**Expresión musical.** Neste apartado avaliaranse as probas interpretativas coa frauta ou outros instrumentos sobre as partituras traballadas durante o trimestre así como a actitude do alumnado cara a materia e a súa participación na mesma. Este apartado suporá un 30% da nota final da avaliación.

A nota final do curso, será a media ponderada das notas que teña o alumno/a en cada unha das avaliacións trimestrais que se realizarán ao longo do curso, sempre que estean todas as avaliacións aprobadas.

**Disposición adicional:** tendo en conta que na materia de música traballamos co son/ruído e co silencio, e que se trata dunha materia principalmente de carácter práctico e participativo, consideramos esencial unha boa actitude e comportamento durante as clases, xa que en caso contrario todo o grupo verase impedido para a realización da interpretación musical ou das audicións. Por iso, engadimos a seguinte modificación aos criterios que

acabamos de expoñer: **un comportamento ou actitude incorrectos de maneira continuada durante as sesións de clase poderán desenvolver nunha redución da nota final do trimestre de até tres puntos.**

| <b>Avaliación e cualificación na proposta non presencial</b> |  |
|--|--|
| <b>Avaliación</b>  | <p><b>Procedementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Non se levarán a cabo probas de interpretación.</li> <li>• Polo contrario sí se terán en conta a presentación vía online de presentacións, mapas conceptuais, liñas da historia, composicións individuais, comentarios críticos e en xeral a entrega de tarefas propostas polo profesorado da materia.</li> <li>• Terase en conta o grado de participación e de interese por entregar as tarefas a tempo e ben feitas.</li> <li>• Todo o traballo entregado vía online será tido en conta para a avaliación.</li> <li>• Terase en conta para a avaliación das competencias a elaboración correcta dos email (competencia lingüística e dixital), baseados nas directrices aportadas polas profesoras.</li> <li>• Terase en conta na presentación de traballos o uso de fotos con licencia. (Sempre que se explicara previamente nunha fase presencial), cita de bibliografía e páxinas utilizadas.</li> <li>• Para esta avaliación de traballo telemático o alumnado disporá de rúbricas que lle permitan comprender o seu grado de evolución na aprendizaxe.</li> </ul> <p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Enquisas sobre visionado de vídeos a través de ESL vídeo</li> <li>• Elaboración de composicións a través de Incredibox</li> <li>• Grabación oral sobre coñecidas mulleres compositoras</li> <li>• Elaboración de fichas de repaso sobre os elementos da linguaxe musical e as cualidades do son.</li> <li>• Comentarios críticos e comentario de opinión sobre textos e vídeos</li> <li>• Elaboración de traballos de reflexion e investigación musical na rede</li> <li>• Comparación de audicións.</li> <li>• Realizacións de blogs cooperativos con grupos e cancións.</li> <li>• Elaboracións de presentacións en distintos formatos online: prezi, ppt, genially, etc.</li> <li>• Cuestionarios de google</li> <li>• Quizziz ou kahoot</li> </ul> |
| <b>Cualificación</b>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• A nota de avaliación ordinaria calcularase tendo en conta todo o traballo e participación do alumnado.</li> </ul>   |

|                                      |  |
|--------------------------------------|--|
| <b>final</b>                         | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Valorarase a presenza e participación na videoconferencia (no caso de alumnado con conectividade)</li> <li>• <b>70% da nota será a presentación das tarefas solicitadas</b></li> <li>• <b>O outro 30% poderá avaliarse a través de cuestionarios</b></li> </ul> |
| <b>Proba extraordinaria setembro</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• O/a alumno/a deberá demostrar nunha proba teórica os seus coñecementos sobre o material abordado de maneira presencial e de maneira non presencial.</li> </ul>  |

## GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Neste apartado engadimos información relativa aos estándares mínimos que o alumnado debe conseguir para superar a materia. Queremos engadir que os mínimos exixidos non son o ideal para cursar a materia en cada nivel da ESO. Sen embargo, poden darse algúns casos de alumnos ou alumnas para os que chegar a este umbral poida tratarse dun logro considerable.

O nivel básico que debe superar o alumnado na materia de música está en relación cos tres procedementos de avaliación detallados arriba: O traballo de aula valorado pola profesora a través da observación directa en clase, as tarefas solicitadas pola profesora e a elaboración das probas específicas. Así en cada apartado haberá que completar os seguintes aspectos:

1. En relación co traballo de aula:

- Asistencia a clase co **material da materia**: frauta, libreta pautada... (perdonarase o esquecemento do material no 15% das clases do trimestre, aproximadamente 4 clases).
- **Participación** na dinámica da clase. Os mínimos da materia non permiten que o alumno mostre unha actitude de abandono durante o proceso de ensino.

2. En relación coas tarefas solicitadas:

- **Entrega da libreta** completa se é solicitada pola profesora.
- **Intentar tocar as pezas musicais** practicadas en clase. (Exixirase tocar a metade da peza -según o pactado en cada caso- para pasar a proba).
- **Presentar** como mínimo **dous dos traballos solicitados** en cada trimestre. (Liña da historia, comentario de audición, presentacións sobre compositoras ou períodos históricos, etc.)

3. En relación coas probas específicas: (xuño e setembro)

- **En xuño: conseguir un mínimo de 4 nos exames teóricos** para facer media co resto das probas realizadas e aprobadas durante o curso.
- **En setembro: conseguir un mínimo de 5 no exame teórico.**

## Grupos da sección bilingüe

Nestes grupos o alumnado segue exactamente o mesmo criterio de mínimos que o resto do alumnado.

O alumnado da sección bilingüe coñece a condición de tratarse dunha asignatura que se imparte en inglés polo menos nun 50 % da materia. Ademais explícase a importancia de que o alumno utilice o inglés durante as clases para mellorar na práctica da lingua.

O idioma extranxeiro nunca será un impedimento para que o alumnado consiga superar a materia de música. Sí será un reto para que o alumnado consiga acadar a máxima puntuación na materia.

## 2º ESO, mínimos

### 1. Interpretación e creación.

- Participa activamente na creación e interpretación de ritmos.
- Participa activamente na creación e interpretación de pezas musicais con frauta ou instrumental Orff.
- Respeto as manifestacións musicais dos demais.
- Presenta unha libreta de clase completa.
- Participa activamente da execución das danzas.

### 2. Escoita.

- Diferencia os distintos timbres dos instrumentos.
- Diferencia a altura das notas do mi sol.
- Demostra coñecemento sobre os intervalos de 3ª maior e menor, ascendente e descendente.
- Comprende e coñece a equivalencia das figuras de redonda, branca, negra e corchea e os seus silencios nos compases de subdivisión binaria.
- Diferencia as distintas partes/frases dunha canción.
- Respeto o silencio e as manifestacións musicais propostas en clase.

### 3. Contextos musicais.

- Elabora unha presentación sobre un compositor ou compositora mostrando os aspectos principais da súa obra.

- Diferencia unha cantiga medieval dunha peza instrumental posterior ao Barroco.
- Realiza un mapa conceptual en grupo.

#### 4. Música e tecnoloxías.

- A súa presentación está realizada sobre soporte informático: ppt, prezi, genially...
- Coñece e sabe utilizar de maneira básica un dos programas propostos en clase sobre creación musical: incredibox, soundationestudio ou musescore.

## 3º ESO, mínimos

### 1. Interpretación e creación.

- Participa activamente na creación dunha composición de percusión corporal en grupo.
- Participa activamente na creación e interpretación de pezas musicais con frauta ou instrumental Orff.
- Respeto as manifestacións musicais dos demais.
- Presenta unha libreta de clase completa.
- Participa activamente da execución dunha danza.

### 2. Escoita.

- Diferencia os distintos timbres dos instrumentos
- Diferencia a altura das notas da escala de do.
- Demostra coñecemento sobre os intervalos de 3ª maior e menor, 5ª xusta ascendente e descendente.
- Recoñece a diferenza entre acorde maior e menor.
- Comprende e coñece as equivalencias das figuras nos compases de subdivisión binaria e ternaria.
- Diferencia as distintas partes/frases dunha canción.
- Respeto o silencio e as manifestacións musicais propostas en clase.

### 3. Contextos musicais.

- Elabora unha presentación sobre un período histórico.
- Diferencia a monodía, homofonía e polifonía de estilo imitativo.
- Recoñece diferentes tipos de pezas de estilo medieval, do Renacemento ou posteriores.
- Realiza un mapa conceptual e unha liña da historia.

#### 4. Música e tecnoloxías.

- A súa presentación está realizada sobre soporte informático: prezi, genially...
- Coñece e sabe utilizar de maneira básica o programa musescore e audacity.

## 4º ESO, mínimos

### 1. Interpretación e creación.

- Participa activamente na creación dunha composición en grupo utilizando ruídos ou sons realizados na clase.
- Participa activamente na creación e interpretación de pezas musicais con frauta ou instrumental Orff.
- Respeto as manifestacións musicais dos demais.
- Presenta unha libreta de clase completa.
- Participa activamente da execución dunha danza.

### 2. Escoita.

- Diferencia os distintos timbres dos instrumentos
- Recoñece a diferenza entre acorde maior e menor.
- Recoñece as distintas funcións tonais (tónica, dominante e subdominante) en cancións modernas.
- Comprende e coñece as equivalencias das figuras nos compases de subdivisión binaria e ternaria.
- Diferencia as distintas partes/frases dunha canción.
- Respeto o silencio e as manifestacións musicais propostas en clase.

### 3. Contextos musicais.

- Elabora unha presentación sobre un instrumento raro.
- Elabora unha presentación en grupo sobre un cantante ou grupo moderno.
- Diferencia os estilos da música do século XX (!º e 2º metade).
- Mostra coñecemento sobre as funcións da música no medio audiovisual: cine e publicidade.

### 4. Música e tecnoloxías.

- A súa presentación está realizada sobre soporte informático: prezi, genially...
- Coñece e sabe utilizar de maneira básica o programa musescore e audacity.
- Elabora un programa de radio cun compañeiro ou compañeira.

- Crea un anuncio publicitario ou un fragmento de música para unha parte breve dunha película.

**Nunha posible fase non presencial os mínimos non inclúen o primeiro bloque: interpretación e creación.**

## **INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

Para cada actividade realizada o alumnado dispón de información relativa ao proceso de ensino e como este vai ser avaliado, na súa forma inicial, ao longo do proceso e ao final do mesmo.

O alumnado pode consultar as rúbricas que aparecen no blog ou web xunto a cada actividade a realizar.

Na web [www.enredesonora.blogspot.com.es](http://www.enredesonora.blogspot.com.es) pódense consultar diferentes rúbricas de carácter xeral para a asignatura de música: unha delas fai referencia á actitude do alumnado durante as clases e cómo se pode mellorar. Outra fai referencia ao desenvolvemento dun traballo de investigación a través de internet, cómo buscar a información, contrastala, cómo seleccionar os datos precisos, cómo elaborar unha presentación e cómo expoñela en clase ante os compañeiros/as.

Para cada actividade realizada en clase propónse unha rúbrica que se entrega ao alumnado á hora de explicar en qué consiste dita actividade e que vai apoiada pola programación de aula de cada unidade didáctica desenvolvida.

### **AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE**

A práctica docente será avaliada por distintos medios.

- Índice de participación do alumnado nas actividades propostas en clase.
- Índice de participación do alumnado nas actividades extraescolares organizadas polo departamento.
- Número de alumnado que selecciona a materia de MÚSICA en 4º de ESO como materia troncal.



- Enquisas de valoración do profesorado feitas polo alumnado. (exemplo)
- Resultados das diferentes avaliacións en relación coas notas acadadas polo alumnado.
- Seguimento de rúbricas para o desenvolvemento da práctica docente.

**ENQUISA DE VALORACIÓN DO PROFESORADO propostas ao alumnado**

|  | Nada | Pouco | Bastante | Moito |
|--|------|-------|----------|-------|
| Recibiche información clara sobre os contidos da materia   |      |       |          |       |
| Recibiche información sobre os criterios de avaliación para superar cada actividade proposta   |      |       |          |       |
| Recibiche información sobre as actividades a realizar de forma clara.  |      |       |          |       |
| As explicacións do/a profesor/a foron claras   |      |       |          |       |
| Os recursos utilizados na clase son variados   |      |       |          |       |
| Aprendiches cousas novas coas actividades da aula de informática   |      |       |          |       |
| Mellorache a túa práctica instrumental   |      |       |          |       |
| Sentícheste escoitado polo/a profesor/a  |      |       |          |       |
| Coñeces moita máis música agora que ao principio de curso  |      |       |          |       |
| A túa percepción da música cambiou dende o principio de curso até agora  |      |       |          |       |
| A través da clase de música aprendiches cousas útiles para outras materias   |      |       |          |       |
| Entendes máis inglés agora que a principio de curso  |      |       |          |       |
| Explica coas túas palabras aqueles aspectos que pensas que podería mellorar a clase de música en relación coas actividades, os contidos, as explicacións ou a actitude do/da profesor/a. |      |       |          |       |

## RÚBRICA PARA O DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE

| Items avaliados                            | Precisa profundizar máis   | Suficiente<br>(1)   | Moi adecuado aos obxectivos<br>(2)  | Excede as expectativas<br>(3)  |
|--|--|---|---|--|
| <b>Competencias</b>                        | Ten en conta as competencias o día da avaliación.                | Menciona as competencias en clase de vez en cando   | Menciona as competencias en clase de maneira continuada para que o alumnado as recoñeza e as poña en práctica.  | Inclúe as competencias na elaboración das actividades realizadas en clase e fai consciente ao alumnado de qué competencias está a desenvolver en cada momento.   |
| <b>Rúbricas</b>                            | Elabora rúbricas dalgunhas actividades para uso persoal          | Elabora rúbricas de cada actividade para entregar ao alumnado   | Elabora rúbricas claras e concisas de cada actividade para entregar ao alumnado   | Elabora rúbricas claras e concisas de cada actividade para entregar ao alumnado e repasa en clase diariamente os obxectivos a perseguir.   |
| <b>Relación co alumnado</b>                | Relación autoritaria ou todo o contrario                         | Relación cordial.   | Relación cordial na que existe un alto grado de empatía e escoita por parte do profesorado. Este fomenta o mesmo clima entre o alumnado.                          | Relación cordial- empática. O lazo afectivo creado invita á aprendizaxe e ao traballo grupal. O clima creado permite a entrada de axentes externos na aula como outros profesores, alumnos ou familias.  |
| <b>Presentación da materia teórica</b>     | Explicacións teóricas da historia da música a través de apuntes. | Explicación teórica apoiada por audiovisuais e audicións.   | Presentación de temas teóricos con apoio audiovisual e audición que serán desenvolvidos en parte polo alumnado a través de proxectos de investigación.            | Presentación de temas teóricos con apoio audiovisual e audicións que serán desenvolvidos en parte polo alumnado a través de proxectos de investigación, mapas conceptuais, liñas da historia, e uso de novas tecnoloxías, de maneira individual ou grupal a través de traballo cooperativo e mesmo de proxectos levados a cabo interdisciplinarmente con outras asignaturas. |
| <b>Desenvolvemento da práctica musical</b> | O alumnado toca a frauta en clase                                | O alumnado toca diversos instrumentos na aula de maneira individual ou colectiva dirixido pola profesora. | Propónse ao alumnado que toque pezas de diferentes tipos con diversos instrumentos de maneira individual ou grupal dirixido pola profesora ou por outro alumnado. | Propónse ao alumnado que toque pezas de diferentes tipos con diversos instrumentos de maneira individual ou grupal dirixido pola profesora ou por outro alumnado. Ademais realízanse   |

|  |  |  |  |   |
|--|--|--|--|---|
|  |  |  | Ademáis realízanse danzas que axudan a comprender a estrutura da música. | danzas que axudan a comprender a estrutura da música. Proponse tamén a creación de composicións en grupo ou individualmente tanto para instrumentos como para percusión corporal ou voz. Dase a oportunidade de escoitar música do interese do alumnado para que este poida analízala e comprender a súa estrutura. |
| <b>PUNTUACIÓN TOTAL</b><br>Suma a puntuación outorgada por cada item avaliado positivamente. | <p><b>De 0 a 9:</b> a práctica docente resulta un tanto ríxida, especialmente tratándose dunha materia fundamentalmente práctica como é a música. Debería replantexarem varios aspectos das miñas propostas de clase. NON APROBADO.</p> <p><b>De 10 a 17:</b> a práctica docente plantexa unha comprensión da música teórica e práctica pero non chega a conectar cos intereses do alumnado. Pode mellorarse coa práctica. APROBADO</p> <p><b>De 18 a 25:</b> acércaste cada vez máis aos obxectivos dunha práctica docente axeitada ao alumnado do século XXI pero podemos mellorar nalgúns aspectos da metodoloxía e adecuación dos aspectos formas da programación á programación de aula, competencias, rúbricas, tratando de desenvolver e crear novos recursos... NOTABLE</p> <p><b>De 26 a 30:</b> Comprendes as necesidades do teu alumnado. A túa relación con eles permíteche desenvolver proxectos de carácter interdisciplinar que os invita a participar na aprendizaxe tanto teórica como práctica. Coa explicación das rúbricas e a constante presenza das competencias o alumnado sabe en todo momento o que se espera del e síntese motivado para realizar traballos en grupo e creacións musicais. SOBRESAÍNTE</p> |  |  |   |

# **ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

## **Recuperación de pendentos de 2º de ESO**

Os alumnos que cursen 3º de ESO e teñan pendente música de 2º, deberán mostrar coñecementos en relación coa aprendizaxe da linguaxe musical, de maneira teórica, para isto deberán presentar trimestralmente un dossier de actividades.

- 1º TRIMESTRE: actividades relacionadas coas altura e a duración do son. Deben mostrar coñecementos teóricos en relación coas notas musicais e as figuras, a través da realización dos exercicios propostos. Entegará unha actividade resumo sobre as cualidades do son (en papel ou formato dixital: ppt).
- 2º TRIMESTRE: actividades relacionadas coa intensidade e o timbre, para iso propoñemos a realización de exercicios nun dossier. Análise dinámico dunha partitura musical e presentación dun traballo sobre un instrumento musical escollido polo alumnado (en papel ou formato dixital: ppt).
- 3º TRIMESTRE: o alumnado deberá presentar unha actividade resumo sobre a forma musical: definición e resumo das principais formas históricas.

Coa presentación destes traballos o alumnado suspenso poderá superar a materia. De non facelo terá a opción de facer un exame no mes de maio.

## **Recuperación de pendentos de 3º de ESO**

O alumnado que curse 4º de ESO e teñan pendente música de 3º pode presentar trimestralmente unhas tarefas que, de estar aprobadas polo departamento, o eximirán de facer ningunha outra proba ou exame.

- 1º TRIMESTRE: presentación en papel ou formato dixital dunha liña da historia cos principais períodos histórico-artísticos. Presentación en papel ou formato dixital dun traballo que mostre os diferentes instrumentos medievais agrupados por familias.
- 2º TRIMESTRE: presentación en papel ou formato dixital dunha partitura para dous instrumentos feita polo propio alumno, cun mínimo de 8 compases.
- 3º TRIMESTRE: presentación en papel ou formato dixital dun traballo sobre un/unha compositor/a do período barroco, clásico ou romántico, mostrando unha breve biografía e a súa contribución artística como músico dentro do período histórico que viviu.

Para aqueles alumnos/as que non presentaran estes traballos existirá a posibilidade de mostrar os seus coñecementos sobre a materia de 3º facendo un exame no mes de maio. Deberán mostrar coñecementos teóricos en relación cos diferentes períodos da historia da música. Tamén será avaliado o aspecto relacionado coa linguaxe musical dende un punto de vista teórico.

Os alumnos poderán resolver dúbidas sobre os diferentes traballos que deben realizar tanto preguntando á profesora co que cursan a asignatura no presente curso, ou ben dirixíndose á xefa de departamento na súa hora de atención a alumnos/as.

# DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

## DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

- A avaliación inicial, no ámbito musical, realízase na práctica musical a través de **improvisacións instrumentais e/ou vocais**.
- Avaliamos ademáis os coñecementos relacionados coa materia a través dun **brainstorm** onde podemos coñecer tamén a **expresión oral** do alumando así como a súa comprensión oral e capacidade de escoita, así como a súa competencia en comunicación lingüística (galego, inglés).
- Escoitando e visualizando un vídeo resumo sobre a historia da música, sabemos **cántos tipos distintos de música** coñece o alumnado así como a súa capacidade para **diferenciar os distintos estilos**.
- No análise inicial vemos a capacidade do alumnado para a competencia matemática pedíndolle que realice diversos exercicios teóricos sobre a linguaxe musical..
- Avaliamos os coñecementos do alumnado en relación cos programas informáticos, preguntándolle cales dos seguintes programas lles resultan familiares. **Ppt, Prezi, Audacity, Spreaker, Smule autorap, Bubble.us, Readwritethink/timeline, Ttimetoast, Musescore, Soundation Studio, Socrative, libros LIM**.
- Propoñemos ao alumando que, durante as primeiras semanas de clase, escriban nunha lista as súas pezas de música favoritas que logo escoitaremos en grupo para coñecer os gustos musicais dende o punto de vista grupal ou social. Con este material crearemos un blog onde poder plasmar os gustos do alumnado dende un punto de vista socializador.
- Pedimos ao alumnado que faga propostas de traballo para o curso, para saber cal é a súa competencia en iniciativa emprendedora.
- Pasamos ao alumnado un test sobre Intelixencias múltiples para detectar os tipos de intelixencias que temos na clase e propoñer así diversas actividades que poidan enfocarse dende os diferentes tipos de intelixencias.

## MEDIDAS ADOPTADAS

Ante os resultados da avaliación inicial, a práctica docente basearase na máxima do **CONSTRUCTIVISMO** e terá en conta as diferentes personalidades do alumnado, así como os diferentes tipos de intelixencias que se presentan nos distintos grupos.

Queremos que o alumnado sexa o protagonista do seu propio aprendizaxe, e trataremos de adaptar os contidos de maneira, case individualizada. Para iso consideramos as novas tecnoloxías un recurso moi axeitado. A través das múltiples opcións de traballo podemos acceder aos múltiples tipos

de intelixencias e motivar ao alumnado para a consecución dos obxectivos en relación coa materia.

A materia de música, como asignatura do ámbito artístico, permite unha apertura e flexibilidade amplas que invitan ao alumnado a traballar de maneiras múltiples e a desenvolver toda a creatividade a través de distintos tipos de instrumentos ou manifestacións musicais, e realización de traballos.

- Segundo a observación das medidas adoptadas na avaliación inicial seleccionamos as **pezas musicais máis adecuadas** para executar en cada grupo.
- A través do **brainstorm** sabemos o coñecemento do alumnado sobre diferentes temas para poder elaborar materiais axustados ás súas necesidades, por exemplo no que se refire á historia da música, as familias de instrumentos, etc. A través da chuvia de ideas somos quen de coñecer a capacidade de expresión oral do alumnado para poder suxerir un tipo de traballo máis centrado na expresión oral, escrita, en grupo, individual, etc.
- A través dos test de intelixencias múltiples sabemos qué alumnos precisan realizar actividades máis relacionadas coa psicomotricidade, o movemento, ou quen estará máis capacitado para tarefas escritas ou artísticas... Isto danos datos tamén para elaborar os grupos cando traballemos de maneira colaborativa.
- Con toda a observación dos primeiros días realizada a través desta avaliación inicial coñeceremos sobretudo cal é a sensibilidade do alumnado en cada grupo cara á música en xeral e á materia de música en concreto. Esta sensibilidade e motivación será decisiva para elaborar os materiais a través dos que traballaremos no día a día.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dende a aula de música, tratamos de responder as necesidades concretas de cada alumno/a facilitándolle a adquisición das competencias clave para acadar os obxectivos da educación secundaria; para iso facémonos unha pregunta: CALES SON AQUELES RECURSOS E ASPECTOS BÁSICOS QUE O ALUMNADO DEBE APRENDER, ASIMILAR E RECORDAR NA CLASE DE MÚSICA E NAS RELACIÓNS INTERPERSONAIS QUE SE PRODUCEN NELA, PARA ADQUIRIR UN PERFECCIONAMENTO COMO PERSOA E COMO INDIVIDUO SOCIAL?

Desenvolvemos a acción docente en función desta pregunta consciente, e das características persoais e necesidades do alumnado que cada ano recibimos na aula. Sabemos que as diferentes intelixencias das persoas permiten acceder ao coñecemento e adquirir as competencias para a vida de maneiras moi distintas. Por iso, na clase de música facemos unha proxección dos diferentes modos de aprender a través de distintas propostas de traballo, atendendo así ás variadas intelixencias do alumnado:

- Intelixencia visual e espacial
- Intelixencia musical
- Intelixencia naturalista.
- Intelixencia interpersonal.
- Intelixencia intrapersonal.
- Intelixencia lingüística.
- Intelixencia corporal-quinésica.
- Intelixencia lóxico-matemática.

Propoñemos variacións dun mesmo exercicio para que o alumnado escolla o formato máis atractivo para el.

- No caso da instrumentación temos moitas posibilidades de interpretar, sen necesidade de que todos/as os/as alumnos/as dunha mesma clase toquen a fruta.
- No caso dos programas informáticos que propoñemos para a composición musical mostramos varios modelos: dende a composición online a través de **Soundation Studio** (o máis sinxelo, pódese utilizar sen ter coñecementos musicais) até o **Muscore** (programa de edición de partituras máis complexo).
- Para a realización dun traballo persoal podemos utilizar **ppt o u prezi**, con niveis de exixencia diferentes.



- Para a composición dunha peza podemos usar a **improvisación** ou a **creación intelectual**, o **songwriting** ou a **inclusión de varios elementos: ritmo, melodía, harmonía...**

A atención a diversidade está presente na concreción de **estándares de aprendizaxe**, nos **criterios de avaliación** e nas **rúbricas** que están postas en coñecemento do alumnado e dos pais e titores.

## SECCIÓN BILINGÜE

No IES de Viós, o departamento de música ofrece a posibilidade de estudar 2º e 3º de ESO participando na sección bilingüe de inglés-galego. O alumnado que voluntariamente quere facelo é animado a utilizar o inglés como lingua vehicular na clase. Ademáis recibe materiais en galego e en inglés.

A formación CLIL ponse en práctica nas clases e permite a mellora das actividades da materia contando tamén coa participación dunha auxiliar de conversa que enriquece a vida do alumnado. Escoller a materia de música en inglés non significa que o nivel musical vai ser inferior ao dos compañeiros que non escollan esta opción. Os contidos da materia son os mesmos na sección bilingüe que na sección non bilingüe. Sen embargo, ao aprender os contidos nunha lingua estranxeira, a metodoloxía de traballo cambia un pouco.

Haberá que facer un pequeno esforzo, como por exemplo aprender novo vocabulario en inglés, os traballos de música haberá que facelos en inglés tamén... e algunhas cousas máis; sen embargo, isto supón que o alumnado mellora na materia de música e na lingua estranxeira sen darse conta.

Os exames da materia de música na sección bilingüe serán bilingües, é dicir, haberá preguntas en galego e outras preguntas en inglés (sempre sobre apartados ou temas que se explicaron previamente nesta lingua). De todas maneiras, o inglés non vai ser NUNCA un impedimento para poder superar a materia de música.

Por outra banda, o alumnado sabe que a profesora de música non vai dar clase de inglés. Na sección bilingüe utilizamos o inglés como lingua de comunicación, non importa que se comentan erros ao falar, o importante aquí é falar, utilizar a lingua estranxeira.

Pode ser que a veces a auxiliar de conversa corrixa os erros que cometemos ao falar ou ao escribir, pero os contidos que ela (ou a profesora) imparten non serán nunca da materia de inglés, senón de música.

Na sección bilingüe ademáis poderemos practicar o inglés con alumnado doutros países, a través da elaboración de proxectos internacionais sobre a materia de música. Isto será un aliciente máis para falar a lingua estranxeira.

# CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS A TRABALLAR

## COMPRESIÓN LECTORA

Música de 2º, 3º, 4º de ESO: o alumnado debe consultar de forma autónoma as instrucións que se lle dan a través do blog da asignatura para realizar as distintas tarefas en relación coa asignatura. Tamén no blog o alumnado le en voz alta na clase diferentes tipos de información. A lectura é unha ferramenta básica cando falamos de música, non só para acceder a definicións e información relativa á materia en concreto senón tamén para comprender a música a través da partitura.

## COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA

Na materia de Música o profesorado fomenta especialmente o uso da expresión oral en tódalas actividades que realizamos en clase. As dúbidas do alumnado fanse de forma oral en voz alta, e o profesorado anima ao alumnado a utilizar un vocabulario axeitado ao contexto que estamos vivindo. A expresión escrita está desenvolvida sobretudo naqueles traballos que o alumnado prepara para expoñer despois na clase.

## TICS e EMPRENDEMENTO

Parte das materias de Música impártense na aula de informática, xa que é ahí onde o alumnado pode adquirir a súa competencia dixital e traballar competencias relacionadas coa iniciativa e o espírito emprendedor así como a competencia en aprender a aprender. Ao alumnado se lle permite utilizar o móbil en clase cando facemos proxectos que implican o uso de determinadas aplicacións que só funcionan no móbil.

## EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL

Cando o alumnado sae do instituto para a realización de actividades extraescolares, o profesorado de música será consciente na promoción “de accións para a prevención de accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais.” Decreto 2015

## IGUALDADE AFECTIVA ENTRE HOMES E MULLERES/ PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

O departamento de música traballa sempre especificamente estes tema transversal a través da actitude do profesorado e tamén cos grupos que traballan no PROXECTO de INTERCAMBIO e-twinning. O resto do alumnado e o departamento de música colabora con actividades da biblioteca e do Departamento de Dinamización da lingua galega en actividades directamente relacionadas con esta temática. Comezaremos a utilizar tamén a ferramenta da RADIO para crear programas nos que ademáis de contidos da asignatura tratamos outros temas transversais como pode ser o sexismo na publicidade ou a igualdade ou a prevención da violencia de xénero.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

No momento actual, e tendo en conta todas as medidas a seguir dentro do protocolo COVID-19 cremos prudente pospoñer a organización de actividades extraescolares para un tempo no que a situación sanitaria sexa totalmente segura tanto para o alumnado e profesorado. Aínda así facemos mención daquelas actividades que habitualmente forman parte da nosa programación por se nalgún momento do curso puideran levarse a cabo.

- Proxecto interdisciplinar: Intercambio virtual ou presencial cun IES de Secundaria de POLONIA.
- Intercambio musical con outro instituto.
- Asistencia ao Encontro de Alumnado de Música.
- Asistencia a Concertos didácticos na Coruña.
- Visita ao museo de instrumentos medievais de Lugo.
- Colaboración coa Radio do Instituto.
- Colaboracións co programa de actividades da Biblioteca
- Colaboracións co Departamento de Dinamización da Lingua Galega nas actividades que se realizan no Instituto ou fóra.

Cando o alumnado sae do instituto para a realización de actividades extraescolares, o profesorado de música será consciente na promoción “de accións para a prevención de accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais.” Decreto 2015

# MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

## REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

O profesorado da materia reúne unha vez ao mes para comentar a práctica docente e revisar aqueles aspectos do traballo diario que xeneran problemas de distinto tipo. Esta posta en común permite en moitos casos atopar solucións concretas a problemas concretos que se producen na aula.

## ENQUISAS DE VALORACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Estas enquisas, mencionadas no apartado INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE e obtidas ao final de cada curso, son moi útiles para coñecer os aspectos que, dende o punto de vista do alumnado, debemos modificar nas unidades didácticas. Así mesmo a rúbrica será un punto de referencia para continuar coa mellora da práctica docente.

## ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN e da MEMORIA DO DEPARTAMENTO

Cada curso dedicamos moito tempo á elaboración da programación didáctica, que ademáis nos serve de reflexión para a elaboración de novas materias e melloras na metodoloxía que utilizamos cada curso.

## ASISTENCIA A CURSOS DE FORMACIÓN

Os cursos de formación que recibimos continuamente dándonos unha imaxe clara de que aspectos debemos mellorar nas nosas clases, especialmente aqueles que fan referencia ás novas tecnoloxías e que tan rapidamente se expanden polos diferentes ámbitos do ensino.

## CREACIÓN DE MATERIAIS MULTIMEDIA

O uso das novas tecnoloxías na clase de música nos permite modificar e mellorar a nosa intervención no proceso de ensino-aprendizaxe con moita rapidez e eficacia. As webs e blogs que creamos para axudarnos a impartir a materia de Música teñen a flexibilidade e capacidade de actualización constante non só de curso a curso, senon tamén no día a día, permitíndonos así a adaptación a cada grupo concreto.

Viós, 15 setembro de 2021

Xefa do Departamento de MÚSICA

Asdo.: Julia Cea Cabanelas